



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 31 de marzo de 2023(1410/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trinta e un de marzo de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O Sr. Aneiros Pereira incorpórase á sesión en modo virtual.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(205).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 23 de marzo. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(206).- CONTINUIDADE DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A COBERTURA DA VIXILANCIA DA SAÚDE PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 27683/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 27/03/2023, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa do servizo de Contratación, coa conformidade da letrada titular da Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de prevención alleo para a cobertura da Vixilancia da Saúde para o persoal do Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do servizo de prevención alleo para a cobertura da Vixilancia da Saúde para o persoal do Concello de Vigo (PPT)
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 2 de setembro de 2016, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), aprobou o expediente de contratación do servizo de prevención alleo para a cobertura da Vixilancia da Saúde para o persoal do Concello de Vigo (expediente nº 27.683/220), autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O 27 de xaneiro de 2017, a XGL acordou adxudicar o citado procedemento a PREVISIONOR, S.L. coas seguintes condicións:

1. *“O prezo do contrato é de 714.000,00 euros (exento de IVE)*



## Concello de Vigo

2. *Propón a realización dos seguintes cursos e campañas informativas e de sensibilización de promoción da saúde, cos requisitos previstos no apartado 8.B.2 da FEC:*
- a) *12 cursos presenciais de formación en primeiros auxilios por ano de contrato, iniciais e de reciclaxe*
  - b) *Unha campaña por cada ano de contrato informativa e de sensibilización de promoción da saúde*
  - c) *3 cursos presenciais por ano de contrato de formación “Escola de costas”*
  - d) *4 cursos presenciais por ano de contrato de formación en “Xestión de equipos de traballo” para mandos intermedios*
  - e) *3 cursos presenciais por ano de contrato sobre “Acosos psicolóxico no traballo”*
  - f) *5 cursos presenciais por ano de contrato de formación en “Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia” dirixido ao persoal de Servizos de Emerxencias (Policía Local, Extinción de Incendios e Protección Civil)*
  - g) *4 cursos presenciais por ano de contrato de xestión e control do estrés*
  - h) *4 cursos presenciais por ano de contrato de intelixencia emocional no traballo e xestión positiva de conflitos*
  - i) *2 cursos presenciais por ano de contrato de “Atención ao cidadán”*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

O contrato formalizouse o 10 de marzo de 2017 e comezou a súa execución o día 1 de abril por un prazo de 4 anos e con 2 posibles prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de marzo de 2022, acordou autorizar a segunda e derradeira prórroga do contrato para a prestación do servizo de prevención alleo para a cobertura da especialidade de Vixilancia da Saúde do persoal do Concello de Vigo, para o período comprendido entre o 1 de abril de 2022 e o 31 de marzo de 2023.

**Cuarto.-** En data 26 de xullo de 2022, a concelleira delgada de Patrimonio, Contratación e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019, aprobou a orde de inicio do expediente para a contratación por procedemento aberto harmonizado dun servizo de prevención alleo para a prestación da modalidade preventiva de Vixilancia da Saúde (expediente nº 1.533-

2202) a partir do un de abril de dous mil vinte e tres. Este contrato abrangue as prestacións obxecto do contrato que nos ocupa.

**Quinto.-** O 3 de agosto de 2022, publicouse no Diario Oficial da UE o anuncio de información previa relativo á contratación do servizo de vixilancia da saúde (expediente nº 1.533-2202).

**Sexto.-** O 6 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente para a contratación por procedemento aberto harmonizado dun servizo de prevención alleo para a prestación da modalidade preventiva de Vixilancia da Saúde (expediente nº 1.533-2202).

**Sétimo.-** O anuncio de licitación do expediente 1.533-2202 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante o 18 de outubro de 2022 , abríndose o prazo de presentación de ofertas ao día seguinte e rematando o 14 de novembro. Durante este prazo foron presentadas 4 proposicións.

**Oitavo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 17 de novembro de 2022 acordou admitir aos catro licitadores presentados:

1. GEROSALUD
2. IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.
3. PREVISIONOR, S.L.
4. QUIRON PREVENCION, S.L.U.

Acto seguido procedeuse á apertura do sobre C “*Proposición avaliable a través de fórmula*”.

**Noveno.-** O 18 de novembro de 2022 PREVISIONOR, S.L. interpuxo recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a licitación.

**Décimo.-** Mediante resolución nº 209/2022, do 7 de decembro, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia acordou non admitir o recurso interposto por PREVISIONOR, SL. e continúaase co tramitación do expediente 1.533/2202.

**Undécimo.-** En data 13 de decembro de 2022 PREVISIONOR, S.L., solicitou a declaración de nulidade de pleno dereito dos pregos que rexen esta contratación.



## Concello de Vigo

**Duodécimo.-** En sesión ordinaria de data 12 de xaneiro 2023 a Xunta de Goberno local acordou non admitir a solicitude de nulidade do procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde, presentada o 13 de decembro de 2022 por D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISIONOR, S.L., por non estar incluídos as causas de nulidade alegadas entre as previstas nos artigos 39 da LCSP e 47.1 da LPAC; así como que non procede a petición de ditame do Consello Consultivo por canto estas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 47.1 da LPAC.

**Décimo terceiro.-** O 26 de xaneiro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou adxudicar a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202) coas seguintes condicións:

- a) *“O prezo total do contrato é de 627.023,49 euros, estando exento de IVE.*
- b) *Incrementa a experiencia do/a DUE a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en 1 ano de experiencia.*
- c) *Incrementa a experiencia do/a médico/a a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (6 meses) en 3 anos e 6 meses de experiencia.*
- d) *Comprométese a achegar os seguintes protocolos propios de vixilancia sanitaria específica para os riscos nos que non existan protocolos de vixilancia sanitaria específica aprobados polo Ministerio de Sanidade:*
  - *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a condución de vehículos.*
  - *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a realización de traballos en altura e traballos verticais.*
  - *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a tenencia e uso de arma de fogo do persoal da Policía Local”.*

**Décimo cuarto.-** O de febreiro de 2023 QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L. interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación do procedemento tramitado no expediente 1.533-2202. Mediante resolución nº 47/2023, do 16 de marzo, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública resolve estimar parcialmente o referido recurso e ordena a retroacción do procedemento de licitación ata o momento previo á valoración das ofertas dos licitadores.

**Décimo quinto.-** Con data do 27 de marzo de 2023 a técnica do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais, coa conformidade da xefa da Área de RRHH e Formación e da concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión

Municipal, solicita do Servizo de Contratación a tramitación da continuidade do contrato actualmente en vigor ata que se poda formalizar o novo contrato.

**Décimo sexto.-** O contratista, PREVISONOR, SL., o 27 de marzo de 2023 (documento nº 230075785), durante o trámite de audiencia conferido para o efecto, manifesta a súa conformidade coa continuidade do contrato nos mesmos termos ata a formalización do novo contrato.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### **Réxime xurídico aplicable**

Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato que nos ocupa, réxese polas seguintes normas:

- 1.Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- 2.Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- 3.Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

-II-

### **Da finalización do prazo do contrato do servizo de prevención alleo para a cobertura da Vixilancia da Saúde para o persoal do Concello de Vigo (27.683-220) con carácter previo á formalización do novo contrato (1.533-2202) que garanta a continuidade do servizo**

O contrato do servizo de prevención alleo para a cobertura da Vixilancia da Saúde para o persoal do Concello de Vigo (27.683-220) adjudicouse mediante acordo da Xunta de Goberno local do 27 de xaneiro de 2017 a PREVISONOR, S.L., por un prazo de 4 anos e con 2 posibles prórrogas dun ano de duración cada unha, iniciándose a prestación o 1 de abril (apartado 4 do Anexo I -FEC- do PCAP).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de marzo de 2022, acordou autorizar a segunda e derradeira prórroga deste contrato para o período comprendido entre o 1 de abril de 2022 e o 31 de marzo de 2023.



## Concello de Vigo

Na actualidade, é imposible garantir a continuidade na prestación do servizo, pois o contrato en vigor remata o 31 de marzo e o novo contrato (expte. 1.533-2202) aínda que fora adxudicado, o TACGAL ordenou a retroacción do procedemento ata o momento de valoración do Sobre C.

### -III-

#### **Necesidade da prestación do servizo de vixilancia da saúde ata a adxudicación do novo contrato**

O contrato que nos ocupa ten por obxecto un Servizo de Prevención Aleo para a realización da especialidade de Vixilancia da Saúde, para todo o persoal do Concello de Vigo, persoal funcionario de carreira, interino ou eventual; cargos públicos da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial que coticen á Seguridade Social; persoal laboral e contratado a través de convenios, traballos temporais de colaboración social ou promoción de iniciativas locais de emprego, Escolas Taller, Casas de Oficios e supostos semellantes (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP).

Indica o informe do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais de data 27 de marzo de 2023:

*“A Lei 31/1995, e 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, establece no seu artigo 22 a obriga por parte do empresario de garantir aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica da saúde en función dos riscos inherentes ao traballo.*

*A prestación desta vixilancia da saúde está regulada no artigo 37 do Real Decreto 37/1997, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.*

*Segundo o establecido no artigo 10 do Capítulo III “Organización de recursos para as actividades preventivas”, do Real Decreto 37/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención o Concello de Vigo constituíu un Servizo de Prevención Propio asumindo as especialidades de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada (Decreto de Constitución de Servizo de Prevención Propio de 27 de febreiro de 2004), polo que a especialidade de Vixilancia da Saúde debe ser contratada cun SPA autorizado e acreditado.*

*De acordo co artigo 37 do Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, os servizos de prevención que desenvolvan funcións de vixilancia e control da saúde dos traballadores deberán contar cun/cunha médico/a especialista en Medicina do Traballo ou diplomado en Medicina de Empresa e un/unha DUE de empresa, sen prexuízo da participación doutros profesionais sanitarios con competencia técnica, formación e capacidade acreditada, persoal co que non conta o Concello de Vigo.*

*Xa que logo, estamos diante dun servizo prestado polo Concello que cobre unha necesidade cuxa prestación está prevista na lexislación de aplicación. A interrupción na prestación deste servizo ocasionaría un grave trastorno, xa que non pode ser suplida por outros profesionais sanitarios alleos ao Concello de Vigo polo xa exposto e porque de acordo co artigo 37 do Real Decreto 39/1997 “A vixilancia da saúde estará sometida a protocolos específicos ou outros medios existentes con respecto aos factores de riscos aos que esté exposto o traballador”.*

En consecuencia, está xustificada a necesidade de que se continúe coa prestación do servizo ata a formalización do novo contrato, pendente de valoración do Sobre C por mandato da resolución do TACGAL. Do contrario, o Concello de Vigo non podería dar cumprimento á obriga imposta pola normativa de prevención de riscos laborais.

#### **-IV-**

#### **Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo**

Como se expuxo no fundamento xurídico anterior, non é posible formalizar o novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación do servizo obxecto deste contrato.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que produzan atrasos e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto.

Singularmente, neste expediente tramitáronse as dúas prórrogas contempladas no prego de cláusulas administrativas particulares, polo que non cabe máis posibilidade de prórroga. Asemade, interpuxéronse dous recursos especiais. Por mor do segundo dos recursos, ademais de producirse a suspensión automática do procedemento ata a súa resolución, coa estimación parcial ordenouse a retroacción do procedemento ata o momento de valoración do sobre C (proposicións avaliábeis a través de fórmula), polo que tendo en conta que o contrato vixente remata o 31 de marzo deste ano, resulta imposible ter formalizado o contrato na referida data.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que implicaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do novo contrato, período que é incerto e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo; se ben condicionada polas seguintes circunstancias:





## Concello de Vigo

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.
- O anuncio de licitación do novo contrato publicouse no DOUE e no perfil de contratante o 18 de outubro de 2022.

Como se ten dito, os contratos réxense pola normativa vixente no momento da súa formalización, e este precepto non lle sería de aplicación. No entanto, o artigo 35.3 do TRLCSP, aplicable a este contrato, regula un suposto de prórroga por razóns de interese público para non interromper a prestación dun servizo para o caso de nulidade dun contrato. Establece este artigo que *“Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato prodúcese un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”*. No mesmo sentido recolle estes efectos o artigo 42 da vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Ante a inminente finalización do prazo contractual sen terse formalizado o novo contrato, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que neste caso concorren todas as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato é consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación. Neste caso, a interposición dun recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación do contrato que ordenou a retroacción do procedemento ao momento de valoración das ofertas do sobre C.
2. Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato. Efectivamente, este contrato responde á obriga do Concello de garantir aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica da saúde en función dos riscos inherentes ao traballo (artigo 22 da Lei 31/1995). A

paralización da prestación ocasionaría o cumprimento da obriga deste Concello de dar cumprimento á normativa de prevención de riscos laborais e con iso non poder garantir a vixilancia periódica da saúde dos seus traballadores.

No ámbito local, a fundamentación da figura da prórroga “*obligatoria*” podería fundamentarse no artigo 128.1. 1º do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que impón ao concesionario a obriga de prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente. Trátase dunha regra fundada na necesidade de manter, en todo caso, a continuidade do servizo, á que tamén obedecen os artigos 246 b) e 280 a) do TRLCSP.

A xurisprudencia tamén se ten pronunciado sobre esta cuestión. Exemplo é a sentenza do Tribunal Supremo do 18 novembro de 1986:

*«(...) una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza del Hospital Insular».*

E a sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Canarias do 1 de marzo de 1999 di que:

*«Al regular el art. 127.1 RS las potestades exorbitantes de que gozará la Administración en los contratos de servicios públicos señala que la Corporación concedente ostentará sin perjuicio de las que procedan, las potestades siguientes: 1º Ordenar discrecionalmente, como podría disponer si gestionare directamente el servicio, las modificaciones en el concedido que aconseje el interés público y, entre otras: a) la variación en la calidad, cantidad tiempo o lugar de las prestaciones en que el servicio consista, y b) la alteración de las tarifas a cargo del público y en la forma de retribución del servicio. Si observamos atentamente los preceptos transcritos siempre hacen referencia a la posibilidad de introducir modificaciones en el servicio. Por modificar hay que entender «cambiar una cosa mudando alguno de sus accidentes». Según la doctrina civilista se consideran, por regla general, condiciones accidentales del contrato las que se refieren a la cantidad, modo, tiempo o lugar de las obligaciones. La prórroga de la duración del contrato podría tener cabida dentro de la potestad de modificar el servicio (...).».*

Especialmente relevante é a sentenza 143/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo de 25 de abril (RCA 503/2015 P.O.), en canto á aplicación do artigo 35.3 do TRLCSP xa que analiza a aplicación analóxica do artigo 65.3 do TRL-



## Concello de Vigo

CAP coa mesma redacción, precisamente en relación coa continuidade dun contrato de limpeza do Concello de Vigo:

*"Aunque el presente caso no constituya exactamente el supuesto de hecho contemplado por el artículo 65.3 del TRLCAP, ya que el contrato suscrito por la actora y el Concello en el año 2001 sucesivamente prorrogado hasta el 31 de agosto de 2005 no se declaró nulo de pleno derecho, sino que simplemente expiró su vigencia, en ambos casos se trata de situaciones en las que el servicio contratado por la Administración a una empresa y que esta ha venido prestando con unas determinadas condiciones deja de tener sobrevenidamente el amparo de un contrato (en el caso del artículo 65.3 del TRLCAP porque se declara la nulidad del contrato, en el presente caso porque expiró su vigencia) y se hace necesaria una respuesta de urgencia para asegurar la continuidad del ser servicio público, evitando el grave trastorno al mismo que deriva del hecho de que el contrato se haya declarado nulo (o en nuestro caso, que haya expirado su vigencia, no pueda ser prorrogado y no sea posible de forma inmediata una nueva contratación) permitiendo la continuación, ya no del contrato como tal sino de sus efectos, permitiendo de esta forma la continuidad material en la prestación bajo las mismas condiciones hasta que se puedan adoptar las medidas pertinentes para evitar el perjuicio. Esta finalidad es trasladable al presente supuesto mutatis mutandis, en que se hacía necesaria asegurar la prestación del servicio de limpieza de forma inmediata (...). La similitud del supuesto y la concurrencia de identidad de razón amparan la aplicación analógica."*

Tamén o Informe 4/2016 da Junta Consultiva de Contratación administrativa de Canarias se ten pronunciado sobre esta cuestión no que conclúe:

*«Consecuentemente, puede concluirse que la legislación de contratación pública no contiene ninguna regulación que sea directamente aplicable a este caso. De ahí que resulte justificado acudir a otras fórmulas derivadas del derecho civil, o de la legislación de régimen local para alcanzar una solución al problema.*

*Podría acudir a distintas figuras legales que son analizadas a lo largo del presente informe como la incidencia en la ejecución, la celebración de un contrato menor- que plantea el problema de la limitación de la cuantía y la imposibilidad legal de concatenación de diversos contratos de esta tipología; de una tramitación de urgencia, la determinación de la existencia de una prórroga forzosa por tácita reconducción- que cuenta asimismo con la objeción jurisprudencial de la prohibición de la existencia de "prorrogas tácitas" o, finalmente, la adopción de un acuerdo de continuación del servicio, el cual, elude la apariencia de fraude que ofrecen otras soluciones y exigiría un acuerdo que debe adoptarse de forma motivada antes de que el contrato se extinga; además, de que la duración de su vigencia ha de ser proporcionada a la necesidad».*

Aplicando analoxicamente o artigo 35.3 TRLCSP ao caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o servizo, ata a formalización do contrato coa empresa adxudicataria do novo contrato.

-V-

### **Condicións da continuidade do servizo**

Unha vez xustificada a necesidade de prestar o servizo de vixilancia da saúde e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada á marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas do contrato continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. O informe do servizo xestor estima como período máximo de continuidade do servizo o de 4 meses.

Para facer fronte aos gastos derivados da continuidade do servizo informa o servizo xestor que *“O prezo do contrato é de 178.500 € por ano de contrato, e de acordo co punto 12 das FEC, o pagamento dos servizos do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual. O importe de cada factura será a cantidade anual dividida por 12 mensualidades, e dicir 14.875,00 € por mes.*

*Como xa se indicou, a resolución 47/2023 do TACGaL ordena a retroacción do procedemento de licitación (exp. 1533/2202) ata o momento previo á valoración das ofertas dos licitadores, retroacción que debe incluír a parte contable.*

*No que se refire á fase A, o novo contrato (exp. 1533/2202) non vai comezar a súa execución na data prevista, polo que se solicita liberar a cantidade necesaria para permitir a continuidade da prestación do contrato.*

*A cantidade necesaria para continuar coa prestación do contrato durante os 4 meses de duración que se estiman é de  $14.875,00 \times 4 = 59.500,00$  €, que poden tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 2210.1600800 (asistencia médica do persoal).*

*Con estas modificacións será necesario un reaxuste das anualidades de gasto contempladas no apartado 3E do Anexo I -FEC- do PCAP do expediente 1.533/2202 segundo se indica deseguido:*

- Ano 2023: 103.817,81 euros
- Ano 2024: 249.162,75 euros
- Ano 2025: 249.162,75 euros
- Ano 2026: 145.344,94 euros”.



## Concello de Vigo

Consta no expediente a conformidade de PREVISIONOR, S.L., para continuar executando o contrato nas mesmas condicións ata o inicio do novo contrato.

### -VI-

#### Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En base ao anterior, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*1º.- A continuidade da prestación do servizo de prevención alleo para a cobertura da vixilancia da saúde para o persoal do Concello de Vigo (expediente 27.683-220) nas mesmas condicións polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato.*

*2º.- Anular parcialmente o gasto autorizado para o ano 2023 (operación nº 202300006398 do 22 de xaneiro de 2023) para o expediente 1.533-2202 de acordo cos seguintes importes:*

<i>Gasto aprobado para 2023</i>	<i>186.872,06 euros</i>
<i>Gasto a minorar no período entre o 1 de abril e o 31 de xullo de 2023</i>	<i>59.500,00 euros</i>

*3º.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato tramitado no expediente 27.683-2202, co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de abril ata o 31 de xullo de 2023 (4 meses) polo importe máximo de 59.500,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2210.1600800 (asistencia médica do persoal).*

*4º.- Reaxustar as anualidades de gasto contempladas no apartado 3E do Anexo I -FEC- do PCAP do expediente 1.533-2202 segundo se indica deseguido:*

- Ano 2023: 103.817,81 euros*
- Ano 2024: 249.162,75 euros*

- Ano 2025: 249.162,75 euros
- Ano 2026: 145.344,94 euros

5º.- Notificar este acordo ao interesado e ao servizo xestor”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(207).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE «PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL (CONCELLO DE VIGO)» RESERVADO A EMPRESAS DE INSERCIÓN. EXPTE. 241946/301.**

Visto o informe de fiscalización do 23/03/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 29 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto reservado a Empresas de Inserción (Disp. Adic. 4ª), do «PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL (CONCELLO DE VIGO)», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 43 e 34), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 15), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 16.11.2022 (trámite n.º 53), o documento*



## Concello de Vigo

*económico emitido polo Servizo de Contabilidade (trámite n.º 10) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.*

*SEGUNDO.- Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 117.2 da LCSP (L.9/2017) e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.*

*TERCEIRO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (1.853.020,89€, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.02 (“Programa de inserción laboral”) dos orzamentos municipais, coa seguinte distribución por anualidades:*

- 2023: 334.573,22€.*
- 2024: 617.673,63€.*
- 2025: 617.673,63€.*
- 2026: 283.100,41€.*

*CUARTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de marzo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U.	86 puntos

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. (B-36.952.166), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U., o día 9 de marzo de 2023, que presenta a documentación requirida os días 15 e 20 de marzo, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 23 de marzo de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade

dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 23 de febreiro de 2023 e o acordo da Mesa do 8 de marzo polo que se outorga ao licitación a máxima puntuación pola súa proposición avaliables mediante fórmula por ser o único admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. (B-36.952.166) o procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 1.832.686,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 166.607,85 euros.*
- b) Comprométese a incrementar 1 coidador/a de barrio respecto dos esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*





**Concello de Vigo**

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(208).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA ACORDO DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO REXIONAL DE GALICIA DO 10 DE FEBREIRO DO 2023 RECAÍDO NO PROCEDIMENTO 36-01454-2021-50 (PEZA DE PERSONACIÓN). EXPTE. 44611/503.**

Dáse conta do informe-proposta de data 22/03/2023, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a titular da Asesoría Xurídica e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro.-** Por Resolución do Concelleiro de Orzamentos e Facenda do 25/08/2020 solicitouse á Dirección Xeral de Catastro-Xerencia Territorial de Pontevedra a comunicación a esta administración municipal das reclamacións económico-administrativas referidas a inmobles de natureza urbana, cuxo valor catastral sexa igual ou superior a 500.000€, en base ao disposto no artigo 29.6 do Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, toda vez que a alteración do valor catastral dos inmobles e a súa titularidade ocasionan efectos moi importantes para as arcas municipais en termos de xestión corrente e de devolucións de ingresos (expediente 2722/500).

**Segundo.-** Interpúxose polo seu titular catastral a reclamación económico-administrativa RTEA 127293.54/21.

**Terceiro.-** En data 10 de maio de 2021, o Concelleiro de Orzamentos e Facenda solicitou ao Tribunal Económico-Administrativo Rexional a consideración de interesado do Concello de Vigo na citada reclamación.

**Cuarto.-** O 15 de febreiro do 2023 foi notificado ao Concello de Vigo Acordo do Tribunal Económico-Administrativo Rexional do 10 de febreiro do 2023, recaído no procedemento 36-00702-2021-50 (Peza de Personación) polo que acorda que non ha lugar a ter por persoado ao Concello de Vigo no citado procedemento económico-administrativo, ao non apreciar a existencia de interese lexítimo.

No citado acordo, indica que cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da data da notificación.

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

**I.-** De conformidade co disposto no artigo 4.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de administración pública territorial e dentro da esfera das súas competencias, correspóndelle ao Municipio a potestade tributaria e financeira.

**II.-** Neste ámbito tributario, atópase como imposto obrigatorio o Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI), tributo de xestión compartida, correspondéndolle a xestión catastral ao Catastro e a xestión tributaria á administración municipal (artigo 77 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais - TRLRFL).

**III.-** O Acordo do Tribunal Económico-Administrativo Rexional do 10 de febreiro do 2023, recaído no procedemento 36-00702-2021-50 (Peza de Personación) polo que acorda que non ha lugar a ter por persoado ao Concello de Vigo no citado procedemento económico-administrativo, fundaméntase na falta de apreciación dun interese lexítimo municipal, maila que o Concello ten atribuída legalmente a xestión tributaria do IBI.

Este acordo, por tanto, supón a inaplicación (aínda que o cita) do disposto no artigo 232.3 da Lei xeral tributaria, que establece que: *“No procedemento económico-administrativo xa iniciado poderán comparecer todos os que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos que poidan resultar afectados pola resolución que tivera que ditarse, sen que a tramitación haxa de retrotraerse en ningún caso”*.

No presente caso, o Concello de Vigo non interpuxo a reclamación económico-administrativa, senon que solicitou ser tida como parte na reclamación interposta pola mercantil, titular catastral do inmovible. A condición de interesado vincúlase á titularidade de dereitos lexítimos que poidan resultar afectados pola resolución que se vai ditar. A STS do 18 de xullo de 2013 (rec. 2925/2010) é concluínte ao establecer: *“no se está discutindo a la vista de las peticiones formuladas en el escrito de demanda y en el de interposición de esta casación la legitimación para interponer una reclamación económico-administrativa en concreto, sino para intervenir como parte interesada en los recursos que formulen los titulares catastrales y el propio artículo 232.3 da la Ley General Tributaria establece que “En el procedimiento económico-administrativo ya iniciado podrán comparecer todos los que sean titulares de derechos o intereses legítimos que pueden resultar afectados por la resolución que hubiera de dictarse, sin que la tramitación haya de retrotraerse en ningún caso”*.

No caso de alteracións de valores catastrais é indudable a lexitimación dos concellos para comparecer nas reclamacións económico-administrativas, pois a autonomía local non descansa só na suficiencia das súas facendas, senon no recoñecemento da necesaria lexitimación para defender os seus intereses. O Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba Regulamento de Bens das Entidades Locais establece no artigo 9.1 a obriga das entidades locais de exercer accións para a defensa dos seus bens e dereitos, polo que a falta de audiencia aos concellos neste tipo de reclamacións económico-administrativas vulnera o artigo 24 da Constitución e o principio de autonomía local do artigo 140 da mesma, pois non pode impedirse aos concellos titulares do IBI comparecer nos trámites de impugnación da xestión catastral deste tributo.



## Concello de Vigo

Así, a xurisprudencia ven recoñecendo esta lexitimación aos concellos, pois estes non son meros receptores de fondos do IBI, senón que son as administracións ás que o ordenamento xurídico atribúe potestades tributarias sobre o mesmo e para exercer as súas competencias, deben ter un adecuado e oportuno coñecemento de todos os antecedentes da xestión catastral do tributo. Por isto, procede que se lles recoñeza a condición de interesados nestes procedementos económico-administrativos, cos efectos que puideran derivarse, pois estas resolucións producirán efectos na súa esfera xurídica. A declaración xurídica que derive da resolución da reclamación económico-administrativa afectará á integridade dos seus recursos financeiros, por canto esta administración municipal ten atribuída legalmente a xestión tributaria do Imposto sobre Bens Inmóbiles (IBI), polo que resultará afectado pola eventual estimación da reclamación económico-administrativa.

Pronúnciase no sentido exposto diversas sentenzas, entre as que cabe citar a STS do 17 de maio de 2012 e na mesma liña, STSX Galicia núm. 150/2013, do 6 de marzo, STSX Murcia núm. 39/2017, do 31 de xaneiro e STSX da Rioxá núm. 92/2014, do 3 de abril (nestas tres sentenzas se indica *“En consecuencia, basta un interés legítimo, indirectamente afectado, según el criterio jurisprudencial que se expone, para reconocer la legitimación municipal, en consonancia con la repercusión evidente en su esfera patrimonial de intereses por cuanto se resuelva por otra Administración en el seno de sus competencias en relación con un tributo de gestión compartida”*), STSX de Castela A Mancha núm.172/2020, do 30 de xuño ou a recente Sentenza 213/2022, do 31 de xaneiro da Audiencia Nacional.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 127.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, a adopción do seguinte acordo:

Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra Acordo do Tribunal Económico-Administrativo Rexional de 10 de febreiro de 2023, recaído no Procedemento 36-01454-2021-50 (Peza de Personación).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(209).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA ACORDO DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO REXIONAL DE GALICIA DO 10 DE FEBREIRO DO 2023 RECAÍDO NO PROCEDIMENTO 36-00702-2021-50 (PEZA DE PERSONACIÓN). EXPTE. 44612/503.**

Dáse conta do informe-proposta de data 22/03/2023, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a titular da Asesoría Xurídica e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro.-** Por Resolución do Concelleiro de Orzamentos e Facenda do 25/08/2020 solicitouse á Dirección Xeral de Catastro-Xerencia Territorial de Pontevedra a comunicación a esta administración municipal das reclamacións económico-administrativas referidas a inmobles de natureza urbana, cuxo valor catastral sexa igual ou superior a 500.000€, en base ao disposto no artigo 29.6 do Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo, toda vez que a alteración do valor catastral dos inmobles e a súa titularidade ocasionan efectos moi importantes para as arcas municipais en termos de xestión corrente e de devolucións de ingresos (expediente 2722/500).

**Segundo.-** Atendendo á anterior solicitude, a Xerencia Territorial de Pontevedra comunicou a esta administración municipal, entidade colaboradora en materia de xestión catastral, a interposición polo seu titular catastral da reclamación económico-administrativa RTEA 62403.54/21

**Terceiro.-** En data 10 de maio de 2021, o Concelleiro de Orzamentos e Facenda solicitou ao Tribunal Económico-Administrativo Rexional a consideración de interesado do Concello de Vigo na citada reclamación.

**Cuarto.-** O 14 de febreiro do 2023 foi notificado ao Concello de Vigo Acordo do Tribunal Económico-Administrativo Rexional do 10 de febreiro do 2023, recaído no procedemento 36-00702-2021-50 (Peza de Personación) polo que acorda que non ha lugar a ter por persoado ao Concello de Vigo no citado procedemento económico-administrativo, ao non apreciar a existencia de interese lexítimo.

No citado acordo, indica que cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da data da notificación.

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

**I.-** De conformidade co disposto no artigo 4.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de administración pública territorial e dentro da esfera das súas competencias, correspóndelle ao Municipio a potestade tributaria e financeira.

**II.-** Neste ámbito tributario, atópase como imposto obrigatorio o Imposto sobre Bens Inmobles (IBI), tributo de xestión compartida, correspondéndolle a xestión catastral ao Catastro e a xestión tributaria á administración municipal (artigo 77 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais - TRLRFL).

**III.-** O Acordo do Tribunal Económico-Administrativo Rexional do 10 de febreiro do 2023, recaído no procedemento 36-00702-2021-50 (Peza de Personación) polo que acorda que non ha lugar a ter por persoado ao Concello de Vigo no citado procedemento económico-administrativo, fundaméntase na falta de apreciación dun interese lexítimo municipal, maila que o Concello ten atribuída legalmente a xestión tributaria do IBI.



## Concello de Vigo

Este acordo, por tanto, supón a inaplicación (aínda que o cita) do disposto no artigo 232.3 da Lei xeral tributaria, que establece que: *“No procedemento económico-administrativo xa iniciado poderán comparecer todos os que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos que poidan resultar afectados pola resolución que tivera que ditarse, sen que a tramitación haxa de retrotraerse en ningún caso”*.

No presente caso, o Concello de Vigo non interpuxo a reclamación económico-administrativa, senon que solicitou ser tida como parte na reclamación interposta pola mercantil, titular catastral do inmovible. A condición de interesado vincúlase á titularidade de dereitos lexítimos que poidan resultar afectados pola resolución que se vai ditar. A STS do 18 de xullo de 2013 (rec. 2925/2010) é concluínte ao establecer: *“no se está discutindo a la vista de las peticiones formuladas en el escrito de demanda y en el de interposición de esta casación la legitimación para interponer una reclamación económico-administrativa en concreto, sino para intervenir como parte interesada en los recursos que formulen los titulares catastrales y el propio artículo 232.3 da la Ley General Tributaria establece que “En el procedimiento económico-administrativo ya iniciado podrán comparecer todos los que sean titulares de derechos o intereses legítimos que pueden resultar afectados por la resolución que hubiera de dictarse, sin que la tramitación haya de retrotraerse en ningún caso”*”.

No caso de alteracións de valores catastrais é indudable a lexitimación dos concellos para comparecer nas reclamacións económico-administrativas, pois a autonomía local non descansa só na suficiencia das súas facendas, senon no recoñecemento da necesaria lexitimación para defender os seus intereses. O Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba Regulamento de Bens das Entidades Locais establece no artigo 9.1 a obriga das entidades locais de exercer accións para a defensa dos seus bens e dereitos, polo que a falta de audiencia aos concellos neste tipo de reclamacións económico-administrativas vulnera o artigo 24 da Constitución e o principio de autonomía local do artigo 140 da mesma, pois non pode impedirse aos concellos titulares do IBI comparecer nos trámites de impugnación da xestión catastral deste tributo.

Así, a xurisprudencia ven recoñecendo esta lexitimación aos concellos, pois estes non son meros receptores de fondos do IBI, senón que son as administracións ás que o ordenamento xurídico atribúe potestades tributarias sobre o mesmo e para exercer as súas competencias, deben ter un adecuado e oportuno coñecemento de todos os antecedentes da xestión catastral do tributo. Por isto, procede que se lles recoñeza a condición de interesados nestes procedementos económico-administrativos, cos efectos que puideran derivarse, pois estas resolucións producirán efectos na súa esfera xurídica. A declaración xurídica que derive da resolución da reclamación económico-administrativa afectará á integridade dos seus recursos financeiros, por canto esta administración municipal ten atribuída legalmente a xestión tributaria do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), polo que resultará afectado pola eventual estimación da reclamación económico-administrativa.

Pronúnciase no sentido exposto diversas sentenzas, entre as que cabe citar a STS do 17 de maio de 2012 e na mesma liña, STSX Galicia núm. 150/2013, do 6 de marzo, STSX Murcia núm. 39/2017, do 31 de xaneiro e STSX da Rioxa núm. 92/2014, do 3 de abril (nestas tres sentenzas se indica *“En consecuencia, basta un interés legítimo, indirectamente afectado, según el criterio jurisprudencial que se expone, para reconocer la legitimación*

*municipal, en consonancia con la repercusión evidente en su esfera patrimonial de intereses por cuanto se resuelva por otra Administración en el seno de sus competencias en relación con un tributo de gestión compartida”), STSX de Castela A Mancha núm.172/2020, do 30 de xuño ou a recente Sentenza 213/2022, do 31 de xaneiro da Audiencia Nacional.*

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 127.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, a adopción do seguinte acordo:

Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra Acordo do Tribunal Económico-Administrativo Rexional de 10 de febreiro de 2023, recaído no Procedemento 36-00702-2021-50 (Peza de Personación).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(210).- BASES E CONVOCATORIA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DE ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV) PARA O ANO 2023. EXPTE. 45025/332.**

Visto o informe de fiscalización do 21/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/03/2023, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo, o concelleiro-delegado de Educación e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Seguindo instrucións do Concelleiro Delegado da área de Educación, iniciáronse os contactos coa dirección da “Escola Oficial de Idiomas de Vigo “ (EOIV), para colaborar novamente nunha edición máis con esta institución educativa no desenvolvemento do Programa de estancias lingüísticas no estranxeiro que promove ese Centro. Cómpre sinalar que logo da superación da pandemia sanitaria provocada pola Covid-19, esta iniciativa municipal supón unha continuidade na prestación da mesma, xa que en cumprimento da vontade manifestada pola Alcaldía de Vigo, o Concello de Vigo vén colaborando coa EOIV de xeito continuo e ininterrompido dende o ano 2009, mediante a convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais destinadas a financiar as actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino para o alumnado da EOIV que, cumprindo os requisitos específicos da convocatoria, posúise un mellor expediente académico.

Para esta finalidade, a EOIV elaborou un programa marco (**achégase Acta da reunión do 30/01/2023 da EOIV presentada no rexistro electrónico co código de solicitude W865546-1197 e co nº de doc 230040712 en data de entrada 10/02/2023**), que figura como **Anexo** nas Bases que se inclúen no presente expediente, consistente no desenvolvemento dun curso de perfeccionamento en inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés e chinés, cunha estancia de dúas semanas de duración en cidades do Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e Taiwán. Esta institución calculou asemade, mediante consulta a provedores deste tipo de servizos, os custos/persoas para o desenvolvemento do programa e en función da porcentaxe de alumnado que ten matricula-



## Concello de Vigo

do por idioma propuxo o número de beneficiarios/as das bolsas para cada lingua estranxeira.

Achégase ao presente expediente cadro ou estimación económica, tendo en conta prezos de mercado e balances das edicións anteriores, que serve de base para a determinación da contía, sobre a cal se fixaron as cantidades para cada bolsa, e finalmente foi redistribuída a contía total dispoñible entre os diversos destinos, e en función do número de bolsas para cada un deles.

O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a LOE (LOMLOE publicada no BOE nº 340 do 30/12/2020), nos seus artigos 25 e 26 recolle nos seus principios pedagóxicos que no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras priorízase a comprensión e expresión oral. En consecuencia, o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira é un factor determinante para a adquisición dunha acreditada competencia plurilingüe, que posibilitará que o alumnado acadese un nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita que vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

Por outra banda, o artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE, recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional, que sen dúbida algunha constitúe un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global que demanda maior manexo e dominio doutras linguas.

En consecuencia estas estadías lingüísticas no estranxeiro, posúen un grande valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez noutras linguas e potenciar a

capacidade comunicativa nas mesmas, convertindo ao alumnado de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, todo o alumnado da EOIV beneficiario destas bolsas municipais levará ao país de destino información de carácter turístico de Vigo e camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento das actividades formativas nas localidades de inmersión lingüística, e igualmente achegarán ao persoal educativo responsable dos distintos centros académicos formativos e residencias de estudantes en destino, distinto soporte documental específico en diversos formatos (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Conforme dispón o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local (LR-BRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode

promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
  - Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
  - Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.
- Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova convocatoria das bolsas “Concello de Vigo” para estancias linguísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV para o ano 2023, que nas súas edicións anteriores ten acadado óptimos resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación noutras linguas do alumnado vigués.

Igualmente as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan aos atribuídos á competencia local, e así o prevén os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997.

Con estas premisas, dende este Servizo Municipal de Educación, en contacto coa dirección da EOI de Vigo, redactáronse as Bases da convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” de estancias linguísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2023, cuxa proposta de clausulado da convocatoria, obra no expediente **45025-332**.

O obxecto da proposta desta convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das bolsas “Concello de Vigo” nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, adxúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o





## Concello de Vigo

extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas bolsas de estudos efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En atención á especificidade da subvención e de acordo co disposto no artigo 20. 2. a) LSG as bases reguladoras da subvención inclúense na convocatoria da mesma.

As Bases recollen todos os elementos necesarios para a selección dos beneficiarios/as das seguintes bolsas. As contías das bolsas son diferenciais en función do país de destino, habida conta de que os custos das actividades varían segundo sexa a estancia nun ou noutro país. As bolsas non tratan de cubrir todos os custes, senón aqueles que se estiman dentro dos elexibles e que constan nas bases.

Tramítase esta convocatoria de subvencións , que establece como límite superior das dotacións a cantidade de 175.000.-€ que será aplicado con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercicio de 2023.

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis	Contía/bolsa euros	Importe total euros
66	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	112.200,00
11	Francia	B1, B2, C1, C2	2.000,00	22.000,00
6	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
6	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
4	Portugal	B2, C1, C2	1.600,00	6.400,00
5	Xapón	A2.2, B1, B2	2.000,00	10.000,00
2	Taiwán	A2.2, B1, B2	2.000,00	4.000,00
<b>100</b>				<b>175.000,00 €</b>

Tal e como se indica na primeira das Bases, os conceptos subvencionables para cada bolsa son os seguintes:

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elexida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e Taiwán.
- Gastos da viaxe de ida e volta en tren AVE Vigo-Madrid ou avión dende o aeroporto de Vigo cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elexida libremente

polo bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, agás Portugal cuxo desprazamento poderá ser en avión, tren ou autobús, dende a cidade de Vigo.

O voo dende Vigo poderá aterrar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.

Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o 1º e último día dende o aeroporto ate a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.

- Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.
- Matrícula e custe do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Aloxamento en hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.
- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Dun xeito resumido, as características básicas das bolsas son as seguintes:

- Dirixidas ao alumnado que curse os seus estudos no presente curso académico 2022-2023, na sede central da EOIV (r/ Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións;

o En calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán.

o En calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués.

o No segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 dos idiomas chinés e xaponés.

Establécese un número de bolsas aproximadamente proporcional ao número de alumnos/as matriculados na EOIV nas distintas especialidades.

- Financiarase, ata o límite económico indicado para cada bolsa, a realización íntegra do “programa de Estancias Lingüísticas no Estranxeiro” promovido pola EOI de Vigo. Este programa esencialmente consta da estancia, alternativamente, en cidades de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e Taiwán, coa realización dun curso especializado de perfeccionamento no idioma respectivo, impartido por unha entidade homologada no país de destino.

- Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a, podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

- A realización efectiva por parte do alumnado do programa subvencionado deberá realizarse dentro do ano 2023 e, consecuentemente, a xustificación da subvención, deberá realizarse antes do remate do mes de outubro do ano 2023.



## Concello de Vigo

● Establécese un procedemento de selección de beneficiarios/as mediante a aplicación dun baremo expreso e dictame dunha comisión de valoración formada por técnicos do Concello de Vigo e da EOIV, presidida polo Concelleiro-Delegado de Educación.

Para acometer o gasto global de 175.000.-€ na convocatoria do ano 2023, tramítase esta convocatoria de subvencións con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercicio de 2023.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar as Bases reguladoras da Convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2023.

**SEGUNDO:** Aprobar o texto da Convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2023, e o extracto da mesma, que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvenciones, en base ó establecido na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

**TERCEIRO:** Aprobar a autorización de gasto de 175.000 euros con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 “Becas estudos internacionais EOIV” do ano 2023, para a cobertura das 100 bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2023.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **BASES REGULADORAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2023.**

#### **PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade**

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento para a selección e adjudicación de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, entre o alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; e no segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 dos idiomas chinés e xaponés; a fin de que participe nun programa educativo no país do idioma correspondente.

A finalidade destas bolsas é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elexida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e Taiwán.
- Gastos da viaxe de ida e volta en tren AVE Vigo-Madrid ou en avión dende o aeroporto de Vigo cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elexida libremente polo bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, agás Portugal cuxo desprazamento poderá ser en avión, tren ou autobús, dende a cidade de Vigo.

O voo dende Vigo poderá aterrar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.

Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa provedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o 1º e último día dende o aeroporto ate a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.

- Os desprazamentos internos ao longo da estada formativo lingüística quedan excluídos do programa.
- Matrícula e custe do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Aloxamento en hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.
- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Estas bolsas municipais non contribuirán a sufragar gastos distintos aos estritamente mencionados no parágrafo anterior.

O programa deberá realizarse, dentro do ano 2023, e nunca despois do remate do mes de outubro do ano 2023.

#### **SEGUNDA.- Número de bolsas, destinos e contía**

A contía máxima de cada bolsa será a seguinte:

<b>Nº de bolsas</b>	<b>Destino</b>	<b>Distribución por Niveis do alumnado beneficiario</b>	<b>Contía/bolsa .-€</b>	<b>Importe total .-€</b>
66	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	112.200,00
11	Francia	B1, B2, C1, C2	2.000,00	22.000,00
6	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
6	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
4	Portugal	B2, C1, C2	1.600,00	6.400,00
5	Xapón	A2.2,B1, B2	2.000,00	10.000,00



## Concello de Vigo

2	Taiwán	A2.2,B1, B2	2.000,00	4.000,00
<b>100</b>				175.000,00 €

No caso de non se cubriren a totalidade das bolsas para algún dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases, as bolsas vacantes acumularanse automaticamente e coa mesma dotación económica da bolsa que xerou a vacante a calquera das outras linguas estranxeiras que presenten lista de agarda.

E serán ordenadas co criterio preferente de maior puntuación final obtida dos alumnos/as incluídos na lista de agarda de calquera dos outros idiomas. No caso de producírense empates na puntuación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na lista de agarda cuxa renda sexa menor. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de maior idade.

O importe da bolsa deberá ser destinado na súa totalidade e exclusivamente ao financiamento do programa de estancias lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo, para esta convocatoria 2023, cuxa síntese se inclúe como Anexo das presentes bases.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 175.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 3260.489.00.10 "Becas estudos internacionais EOIV" do exercicio de 2023.

### **TERCEIRA.- Prazo**

Consonte á normativa legal vixente, as presentes bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (**BOPPO**), e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao **BOPPO** do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción nas páxinas web e nos taboleiros oficiais de anuncios do Concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e da EOIV ([www.eoidevigo.org](http://www.eoidevigo.org)), e igualmente mediante a inserción do anuncio da convocatoria nun diario local impreso de maior tirada.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, **será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO**, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **CUARTA.- Procedemento da concesión**

O procedemento para a concesión destas bolsas será o de concorrencia competitiva, conforme aos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación, que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

### **QUINTA.- Beneficiarios/as e requisitos**

1. Os beneficiarios/as da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, da EOI de Vigo, que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

I.- Estar empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro 2022, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

II.- Ter a maioría de idade legal de 18 anos na data de fin do prazo de presentación de solicitudes da bolsa.

III.- Estar matriculado/a na sede central EOI de Vigo (r/Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións nos idiomas inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés ou chinés no curso 2022-2023.

IV.- Ter aprobados dous cursos oficiais presenciais ou semipresenciais na EOI de Vigo nos últimos 5 cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.

V.- Non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.

VI.- Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo nas anteriores edicións no mesmo idioma, ou nos últimos cinco cursos académicos nun idioma diferente.

VII.- Non ter gozado nos cinco últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade.

VIII.- Que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos agás oposición expresa do interesado que reflectirá no/s apartado/s correspondente/s no Formulario de Solicitud on line, en cuxo caso xuntará a/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

IX.- Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.

X.- Estar situado nun lugar da orden de prelación de solicitudes que lle permita a obtención dunha das bolsas convocadas.

2. Deberán solicitar as prazas os/as alumnos/as interesados.

3. As bolsas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas serán incluídas automaticamente nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

4. Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das bolsas, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 da LXS e 11 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, as que seguen:

- Facilitar toda a información que fose requirida polo Concello de Vigo no proceso de xestión e aboamento destas axudas.
- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Servizo de Educación a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a



## Concello de Vigo

este e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control das subvencións.

### **SEXTA.- Compatibilidade**

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2023, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e a reintegrar a axuda ao Concello de Vigo no caso de tela recibido.

### **SÉTIMA.- Solicitudes e documentación**

#### **1. Solicitudes:**

Para iniciar o proceso de presentación de solicitude durante o prazo habilitado ao efecto, os interesados deberán cubrir o formulario electrónico de uso obrigatorio a través da aplicación en liña dispoñible na páxina <https://escolas.vigo.org/bolsaseoiv>. Unha vez cuberto este formulario, se gravarán os datos na aplicación en liña, o que permitirá ao interesado/a elixir posteriormente entre a presentación telemática a través da sede electrónica do Concello de Vigo ou presencial a través da oficina de rexistro.

Unha vez cuberto en liña o formulario, é requisito imprescindible asinalo e rexistralo por algunha das seguintes vías:

- **Solicitude telemática (vía preferente):** Entrando no enlace web <https://www.vigo.org/solicitude-bolsaseoiv>, cubrir os campos requiridos, premer o botón “tramitar por internet” e acceder á carpeta cidadá para rexistrar o formulario de solicitude. (deberá dispoñer de certificado dixital, DNI electrónico, usuario e contrasinal do Concello...), sendo necesario asinalo por calquera dos medios de sinatura admitidos na sede electrónica que se poden consultar no enlace “[https://sede.vigo.org/expedientes/sede\\_textos/texto.jsp?idt=sede\\_firma](https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?idt=sede_firma)”.

Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

- **Solicitude presencial:** Unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado na páxina web <https://escolas.vigo.org/bolsaseoiv>, deberáse obrigatoriamente imprimir e asinar polo solicitante e, acompañado da documentación requirida se fose necesario, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 9,00 a 13,30 hrs. (previa cita nos teléfonos 010 / 986810260 / 986810100 ou na web “[citaprevia.vigo.org](http://citaprevia.vigo.org)”), ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). No caso de que a solicitude sexa enviada por correo postal, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o/a funcionario/a da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante correo electrónico á oficina do programa “Vigo en Inglés” ubicada no servizo municipal de educación (a través do e-mail “[vigoeningles@vigo.org](mailto:vigoeningles@vigo.org)”), xustificante do envío postal.

É imprescindible que o formulario de Solicitude vaia asinado, o que poderá facerse manual ou dixitalmente.

A presentación da solicitude desta axuda levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación nas páxinas web do Servizo de Educación do Concello de Vigo e da EOIV, así como nos taboleiros de anuncios oficiais de ámbalas dúas institucións.

## **2. Documentación:**

A documentación que corresponda presentar en cada caso, poderase achegar electrónicamente mediante o seu escaneado no lugar indicado no Formulario de Solicitud, na sede electrónica ou ben presentar físicamente en papel no momento de realizar a solicitude presencial no rexistro.

- Formulario de solicitude debidamente cuberto e asinado.
- Fotocopia simple do DNI do solicitante ou pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).
- Xustificación de ingresos: Únicamente aqueles que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade familiar. No caso de non ter presentada a declaración da renda, teranse en conta os datos fiscais que proporcione a Axencia Tributaria. Aqueles que non presenten a documentación acreditativa de ingresos ou situación económica de renda e patrimonio, dentro do prazo establecido, suporá a renuncia implícita de ser valorado neste apartado do baremo que se recolle no punto oitavo, e se lle outorgará cero puntos.
- Certificación académica orixinal da EOI de Vigo na que conste:
  - o A cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais presenciais e semipresenciais aptos realizados nesta Escola, e desenvolvidos nos 5 últimos cursos académicos, no idioma no que solicita a bolsa.
  - o Que está matriculado na EOI de Vigo no curso 2022-2023.
- Fotocopia simple do libro de familia completo na que figuren todos os membros da unidade familiar (no caso de non ter libro de familia terá que presentarse documentación que acredite o número de membros da unidade familiar) ou acreditación de outras circunstancias familiares especiais co achegamento da fotocopia simple do título de familia numerosa en vigor, convenio regulador ou sentenza de separación para acreditar a condición de familia monoparental, se é o caso.
- Certificados que acrediten que o/a solicitante está ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Axencia tributaria estatal, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Seguridade Social; solo para os solicitantes que se opoñan expresamente á consulta e verificación telemática dos seus datos. Así mesmo, autorízase expresamente ao Concello a obter os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas fiscais e Seguridade Social.
- A situación dos compoñentes ou integrantes da unidade familiar individual comprobarase de oficio pola propia administración mediante a emisión do certificado municipal de empadramento.
- Certificado de periodos de inscrición do Servizo Público de Emprego Galego que acredite a situación de desemprego e Informe de Vida Laboral da Tesorería Xeral da Seguridade Social.
- Documentación acreditativa do nº de conta bancaria co IBAN do/a solicitante.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e desfrute da bolsa municipal falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedian, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da bolsa





## Concello de Vigo

concedida, e a esixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

### **OITAVA.- Tramitación e reparación de erros.**

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa dos mesmos, e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que no prazo de 10 días hábiles (contados a partir da recepción da notificación vía correo electrónico), emende a solicitude ou acompañe os documentos preceptivos coa advertencia de que no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A notificación do requirimento realizarase aos interesados mediante publicación na páxina web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org), no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

### **NOVENA.- Criterios de valoración**

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

- A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais presenciais e semipresenciais aptos realizados nesta Escola, e desenvolvidos nos 5 últimos cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.
- Engadiranse á cualificación final acadada, franxas de 0,35 puntos por cada curso aprobado na EOIV nos últimos cinco cursos académicos, contados a partires do 3º inclusive, no idioma no que se solicite a bolsa.
- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa, 0,5 puntos por estar cursando o segundo curso do nivel avanzado C1 dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano, o nivel avanzado C1 do idioma portugués, así como os niveis intermedio B1 e B2 do idioma xaponés e o nivel intermedio B1 ou primeiro ano do intermedio B2 do idioma chinés.
- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa, 0,5 puntos por estar cursando o nivel avanzado C2.
- Pola situación laboral de desemprego do/a alumno/a solicitante:
  - No caso de levar en situación laboral de desemprego máis de 12 meses ininterrompidos = 1 punto.
  - No caso de levar en situación laboral de desemprego menos de 12 meses = 0,5 puntos.
- Ao alumno/a solicitante con ingresos anuais per cápita iguais ou menores ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) fixado para o 2023, en 8.400,00.-€/ano, outorgarase ata un máximo de 1 punto.

O ingreso anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes, e ten a consideración de ingresos totais a suma da base imponible xeral máis a base imponible de aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.

▪A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:

-Categoría Especial = 1 punto

-Categoría Xeral = 0,5 puntos

▪A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia monoparental, outorgarase ata un máximo de 0,5 puntos.

▪Con todo, no caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes cuxa renda sexa menor, ordenándose a lista por este criterio para adxudicar as bolsas restantes e tamén a lista de agarda. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de maior idade. As bolsas serán adxudicadas, coas proporcións por idioma que se conteñen nestas Bases.

▪Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, e, se é o caso, trala valoración do nivel de renda e a aplicación ás listas do seu resultado, formarase unha lista de agarda ordenada pola puntuación final obtida para o caso de que existan baixas ou renuncias na lista inicial seleccionada en cada un dos idiomas obxecto desta convocatoria.

Para o caso de que, unha vez adxudicadas, haxa prazas vacantes por renuncia, serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda, que seguirá o procedemento establecido na presente cláusula.

#### **DÉCIMA.- Comisión de valoración**

Coa finalidade de examinar e avaliar a documentación presentada polos solicitantes, constituírase unha Comisión de valoración que estará integrada polo Concelleiro Delegado de Educación, D. Gorka Gómez Díaz que actuará de presidente; a Xefa do Servizo de Educación, Dna. M<sup>a</sup> José Loureiro Bada e o Técnico do Servizo de Educación, D. Pedro M<sup>a</sup> Vázquez Iglesias, que actuará como secretario; serán vocais da mesma, a Directora da EOIV, Dna. Laura Torrado Mariñas e o Vicedirector da EOIV, D. Felipe Domínguez Presa.

Este órgano Colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto noveno, e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional, na que se concretará o resultado da avaliación, debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da bolsa, seguidas das solicitudes que inda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a bolsa por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar o "listado de agarda", finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional no crea dereito algún a favor do/a beneficiario/a ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.

O presidente poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Concesión e resolución das axudas**



## Concello de Vigo

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, que previamente ten examinado e resolto as alegacións achegadas polos/as interesados/as, formulará a proposta de resolución definitiva que se elevará á Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, nº de expediente, curso, destino e resolución das axudas/prazas indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega.

Así mesmo, o Servizo municipal de Educación, como Instrutor, de conformidade co recollido na cláusula sétima, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Na relación constarán:

1. Concedidas
2. Denegadas: con indicación da/s causa/s de denegación
3. Lista de agarda: con indicación da puntuación correspondente

A Xunta de Goberno Local aprobará a listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de agarda.

Esta relación publicarase na web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, e no taboleiro de anuncios e web da EOI Vigo ([www.eoidevigo.org](http://www.eoidevigo.org)).

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org), no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- Aceptación da axuda**

Os alumnos e alumnas aos que se lles adxudique a axuda definitiva, previo acordo da Xunta de Goberno Local, e polo tanto que resulten beneficiarios e beneficiarias das bolsas, deberán tramitar no prazo habilitado ao efecto vía telemática no sitio web "<https://vigo.org/bolsaseoiv>" a aceptación expresa da axuda asignada. Para elo disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ás persoas beneficiarias ou da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.

A non xustificación da aceptación da axuda mediante a tramitación do proceso anteriormente descrito, dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á axuda adxudicada.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- Xestión prazas vacantes por renuncias**

No caso de que un beneficiario/a definitivo de bolsa de calquera dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases, renunciase á mesma, a bolsa vacante xerada por esta renuncia, será ofertada por chamamento directo, ao alumnado incluído na lista de agarda do mesmo idioma no que se produce a renuncia, segundo a relación de lista de agarda do dito idioma, aprobada pola Xunta de Goberno Local.

No caso de non existiren lista de agarda no idioma no que se produce a renuncia, a bolsa vacante acumularase automaticamente a calquera das outras linguas estranxeiras que presenten lista de agarda, que serán ordenadas co criterio preferente de maior puntuación final obtida dos alumnos/as incluídos na lista de agarda de calquera dos outros idiomas. No caso de se produciren empates na puntuación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na lista de agarda cuxa renda sexa menor, e no caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de maior idade.

### **DÉCIMO CUARTA.- Xustificación e pagamento**

Aos efectos de xustificar a realización do obxecto da subvención, os beneficiarios/as deberán presentar ao remate da súa estadía de inmersión lingüística, facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados e para os que se concedeu a subvención. As facturas deberán recoller o número de CIF, data, número e IVE que corresponda. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que, séndolle esixibles, non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, o Servizo de Educación municipal procederá ao carimbado da factura orixinal, indicando no mesmo o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal carimbado incorporarase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Esta factura ou documento equivalente, deberá ir acompañada do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade dos documentos xustificativos presentados, e onde se manifieste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención. Acompañarase obrigatoriamente a esta factura, certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a, podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

Este pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a, farase trala realización efectiva do programa e previa presentación no Servizo municipal de Educación das correspondentes facturas orixinais, certificacións ou documentos equivalentes, emitidas a nome do solicitante polo importe total dos custos e coa certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa, debera realizarse polo beneficiario/a antes do remate do mes de outubro do ano 2023.

## **DÉCIMO QUINTA.- Publicidade**

1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), e na páxina web da EOIV ([www.eoidevigo.org](http://www.eoidevigo.org)).



## Concello de Vigo

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), e na páxina web da EOIV ([www.eoidevigo.org](http://www.eoidevigo.org)).

A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

### 2. Publicidade das subvencións concedidas.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), no Taboleiro de Editos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

A resolución que acorde a concesión das bolsas, con expresión do/a alumno/a solicitante, expediente, finalidade da axuda (Bolsas Concello de Vigo ano 2023) e a resolución atribuída (concedida, denegada ou lista de agarda), publicarase nos taboleiros de anuncios e webs citadas de acordo co disposto no artigo 15.2.c) da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **DÉCIMO SEXTA.- Reclamacións**

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo de un mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

### **DÉCIMO SÉTIMA.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sanción**

#### Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da/o beneficiaria/o da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

#### Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A renuncia ou anulación de matrícula do curso 2022-2023 dará lugar ao reintegro da cantidade percibida.

#### **DÉCIMO OITAVA.- Tratamento de datos de carácter persoal**

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente as *Bolsas do Concello de Vigo de estancias lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), correspondentes ao ano 2023*.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no Programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

#### **DÉCIMO NOVENA.- Disposición final**

A presente convocatoria rexerese polas súas bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A presentación da solicitude implica que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria, e o cumprimento de todas as obrigas nelas establecidas.



**Concello de Vigo**

**ANEXO  
PROGRAMA DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA  
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO.  
(BOLSAS CONCELLO DE VIGO. ANO 2023)**

Aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo: Acta da Comisión de Valoración do “Programa Estancias Lingüísticas no Estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo das Bolsas “Concello de Vigo 2023” no día 30 de Xaneiro de 2023.

### **Características mínimas do Programa de Formación**

Como mínimo cumprírase cos seguintes termos.

#### **1. Curso de lingua**

- Duración do curso contratado:** 2 semanas (días lectivos: luns – venres)
- Número mínimo de horas lectivas por semana contratadas:** 15 horas / semana (podendo ser divididas en leccións dunha duración mínima de 45 minutos, por exemplo 20 leccións de 45 minutos ou 18 leccións de 50 minutos)
- Duración mínima de cada lección:** 45 minutos.
- Número máximo de estudantes por aula:** 16 alumnos.
- Profesorado Nativo** na lingua de destino.
- Realización de **Test de nivel**.
- Diploma acreditativo** da realización do programa.
- Características dos centros de estudos:**
  - Acreditación/certificación dos centros de estudo: No caso do Reino Unido debe de estar acreditado polo British Council, e nos destinos restantes, nos que sexa posíbel, por algún organismo nacional ou internacional.
  - A localización: No centro das cidades dos destinos ou cerca da cidade con boa conexión.
  - Recursos: Deben de estar equipados con instalacións modernas (ordenadores, acceso a internet, biblioteca multimedia, espazo de estudos, etc).

#### **2. Aloxamento**

O aloxamento dependendo do destino, poderá ser: **Hostal - Residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos, con habitación dobre compartida e baño compartido. Deberá estar ben comunicado coa escola tendo en conta que estamos en cidades europeas, ou grandes cidades asiáticas.**

#### **3. Desprazamentos**

O desprazamento será en en tren AVE Vigo-Madrid ou avión dende o aeroporto de Vigo á cidade de destino, tanto na ida como na volta (agás Lisboa, onde poderá ser en avión, tren ou autobús). Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo-lingüística quedan excluídos do Programa. Só nos destinos no Reino Unido e Irlanda, incluírase o desprazamento en autobús dende o aeroporto á residencia e viceversa.

#### **4. Acompañamento**

Nos destinos no Reino Unido ou Irlanda, acompañará un monitor da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas.

#### **5. Seguros**

Seguro médico e de asistencia en viaxe.

Distribución e desglose das cuantías económicas das bolsas por destino:





## Concello de Vigo

Nº de bolsas	Destino	Niveis Alumnado Beneficiario	Contía bolsa euros	Importe total euros
66	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00.-€	112.200,00.-€
11	Francia	B1, B2, C1, C2	2.000,00.-€	22.000,00.-€
6	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00.-€	10.200,00.-€
6	Italia	B2, C1, C2	1.700,00.-€	10.200,00.-€
4	Portugal	B2, C1, C2	1.600,00.-€	6.400,00.-€
5	Xapón	A2.2, B1, B2	2.000,00.-€	10.000,00.-€
2	Taiwán	A2.2, B1, B2	2.000,00.-€	4.000,00.-€
<b>100</b>				<b>175.000,00.- €</b>

Recoméndase aos posíbeis beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo 2023” contratar a prestación dos servizos da viaxe, curso e estadía cunha empresa ou entidade cualificada e especializada da súa libre e voluntaria elección, que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa formativo-lingüístico aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV).

Entendemos que para cada beneficiario/a pode resultar unha tarefa complicada a xestión de xeito individual de toda a loxística organizativa que inclúe o desfrute da bolsa municipal (desprazamento, aloxamento en destino, escola que imparta o programa formativo validado pola EOIV, coberturas de seguros...), polo que se garante unha xestión máis efectiva e eficiente recorrendo a empresas especializadas do sector que teñen un coñecemento exhaustivo no campo da promoción do plurilingüismo, e da mobilidade noutros países co obxectivo de acceder ao coñecemento de linguas estranxeiras e á diversidade cultural.

### Programa formativo: características específicas recomendábeis

Destino	Tipo Aloxamento	Nº Becas
Reino Unido / Irlanda	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas.	66
Francia	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	11
Alemaña /Austria	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	6
Italia	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	6
Portugal	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	4
Xapón	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	5
Taiwán	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	2

**Total Bolseiros: 100**

### Características Destinos / Estadías:

Reino Unido / Irlanda	
<b>a. Características del curso:</b>	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo -A Escola deberá estar acreditada (ex: British Council).
<b>b. Características do Aloxamento:</b>	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas.
Situación:	Deberá estar ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
<b>66</b>	

Francia:	
<b>a. Características del curso:</b>	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel e Diploma Acreditativo -A Escola deberá estar acreditada (ex: TEF, UNOSEL, Chambre de Commerce et d'industrie de Paris,...)
<b>b. Características do Aloxamento:</b>	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
<b>11</b>	

Alemaña / Austria	
<b>a. Características del curso:</b>	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
<b>b. Características do Aloxamento:</b>	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
<b>6</b>	

Italia:	
<b>a. Características del curso:</b>	



## Concello de Vigo

Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
<b>b. Características do Aloxamento:</b>		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
Total Bolsas		6

<b>Portugal:</b>		
<b>a. Características del curso:</b>		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
<b>b. Características do Aloxamento:</b>		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
Total Bolsas		4

<b>Xapón:</b>		
<b>a. Características del curso:</b>		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
<b>b. Características do Aloxamento:</b>		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
Total Bolsas		5

<b>Taiwán:</b>	
<b>a. Características del curso:</b>	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas

Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	-Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
<b>b. Características do Aloxamento:</b>	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
<b>2</b>	

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONCESIÓN DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2023.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

O obxecto destas axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional, a través do financiamento das actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino, a realizar dentro do ano 2023 e nunca despois do remate do mes de outubro do ano 2023.

**SEGUNDA.- CONCEPTOS SUBVENCIÓNABLES.**

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elexida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e Taiwán.
- Gastos da viaxe de ida e volta en tren AVE Vigo-Madrid ou en avión dende o aeroporto de Vigo cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elexida libremente polo bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, agás Portugal cuxo desprazamento poderá ser en avión, tren ou autobús, dende a cidade de Vigo. O voo dende Vigo poderá aterrizar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público. Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o 1º e último día dende o aeroporto ate a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.
- Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.
- Matrícula e custe do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Aloxamento en hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.
- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

**TERCEIRA.- NÚMERO DE BOLSAS, DESTINOS E CONTÍA.**



## Concello de Vigo

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis	Contía/bolsa .-€	Importe total .- €
66	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	112.200,00
11	Francia	B1, B2, C1, C2	2.000,00	22.000,00
6	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
6	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
4	Portugal	B2, C1, C2	1.600,00	6.400,00
5	Xapón	A2.2, B1, B2	2.000,00	10.000,00
2	Taiwán	A2.2, B1, B2	2.000,00	4.000,00
<b>100</b>				<b>175.000,00 €</b>

### **CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 175.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 3260.489.00.10 "Becas estudos internacionais EOIV" do exercicio de 2023.

### **QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Poderán solicitar esta bolsa o alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; e no segundo curso do nivel A2, e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 dos idiomas chinés e xaponés; que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

### **SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

### **SÉTIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

### **OITAVA.- BASES REGULADORAS.**

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das bolsas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ó boletín oficial no que aparece publicada, e na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local e na páxina web [www.eoidevigo.org](http://www.eoidevigo.org)

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o Formulario de Solicitud on line, necesario para a demanda de estas bolsas, estará dispoñible nas propias páxinas webs do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e da EOIV ([www.eoidevigo.org](http://www.eoidevigo.org)).

## **NOVENA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

O servizo municipal de educación será o encargado da instrución do procedemento de concesión das bolsas. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Educación, a Xefa de servizo de Educación e un Técnico da mesma área que actuará como secretario; sendo vocais da mesma a Directora e Vicedirector da EOIV.

## **DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

O alumnado da EOIV beneficiario/a das bolsas deberá xustificar antes do 31 de outubro de 2023 (incluído) o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

## **DÉCIMO PRIMEIRA.- PAGO.**

Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a, podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

O pago da contía total da subvención ao alumnado da EOIV que resulte beneficiario/a, terá lugar tras a xustificación polo/a alumno/a da EOIV beneficiario/a, da realización da actividade para a que se concedeu a subvención, achegando a documentación preceptiva para elo establecida nas bases da convocatoria.

## EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA ....., POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONCESIÓN DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2023.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

## **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCÍÓN.**

Contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

## **SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 175.000,00 € (Cento setenta e cinco mil Euros) con cargo á partida orzamentaria 3260.489.00.01 “Becas estudos internacionais EOIV” do exercicio 2023.

## **TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.**

Alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; e no segundo curso do nivel A2, así como en



## Concello de Vigo

calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 dos idiomas chinés e xaponés; que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

### **CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

### **QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

### **SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local, e na web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), e na web [www.eoidevigo.org](http://www.eoidevigo.org).

### **SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

O alumnado da EOIV beneficiario/a das bolsas deberá xustificar antes do 31 de outubro de 2023 (incluído)

### **OITAVA.- PAGO.**

Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a, podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

### **7(211).- NOMEAMENTO DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVA, POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL, PARA DIRECCIÓN DE INGRESOS. EXPTE. 41554/220.**

Visto o informe de fiscalización do 24/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 28/02/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de abril de 2022 se aprobou o “Programa de actuación para desenvolver procesos de mantemento catastral segundo o convenio vixente e a partir da información da Xerencia de Urbanismo, Servizo de patrimonio-inventario de bens inmobles e viais, Área de Fomento así como incorporación á plataforma municipal VCI+” que prevía entre os medios humanos de persoal un/a auxiliar de administración xeral para tarefas de

tramitación dos expedientes que resulten no desenvolvemento do programa que rematará o 09/08/2024 (expte 40351-220).

**II.-** Mediante escritos que obran unidos ao expediente de data 18 de xaneiro de 2022, asinados pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, solicítase á área de Recursos Humanos e Formación coa maior urxencia posible a adscrición a dito programa dunha/dun auxiliar de administración xeral.

**III.-** A vista da petición formulada en data 02/02//2023, relativa ao antecedente I, a concelleira delegada da área de Contratación, Seguridade e Xestión Municipal dispuxo ordenar que pola área de Recursos Humanos e Formación “ *se proceda á tramitación urxente de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, na modalidade oportuna*”.

**IV.-** Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de data 17/02/2023, existen unha/ un candidata/o en condicións de ser nomeada/ospor presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.

**V.-** Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 27/02/2023, que inclúe a proposta de gasto para o nomeamento interino pola execución de programa de carácter temporal( artigo 10.1, letra c) do TREBEP) dunha/un auxiliar de Administración Xeral.

En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Normativa de aplicación:**

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado so-





## Concello de Vigo

bre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por execución de programas de carácter temporal:**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa “la ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto” (letra c) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El

nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **neste caso ao remate do programa temporal, que acontecerá a data de finalización dos nomeamentos 09/08/2024, sen dereito a compensación algunha.**

Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por execución de programa temporal, tómase como referencia a analogía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto tómase conforme ao posto de traballo de auxiliar de Administración Xeral (código retributivo 138).

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo



## Concello de Vigo

derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

### V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación de data 17/02/2023, consta que:

*“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación administrativa do expediente administrativo núm. 41.554/220 pola presente infórmase o seguinte:*

- Que sendo necesario o nomeamento interino dun auxiliar de Administración Xeral, existen listas de reserva vixentes con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os.*
- Que verificadas as lista de reserva, na categoría de auxiliares de Administración Xeral obran no expediente administrativo as renuncias manifestadas por escrito dos seguintes candidatas/os: L. Campos Rivas con DNI núm.\*\*\*9657\*\*, I. González Sánchez con DNI \*\*\*5156\*\* e G. Rodríguez Martínez con DNI núm.\*\*\*5234\*\*, procedéndose ao chamamento do aspirante seguinte da lista.*
- Que, salvo de erro ou omisión, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, procede o chamamento como auxiliar de Administración Xeral, ao candidata/o que se relaciona a continuación e presentou a documentación requirida para o efecto:*

<b>Categoría: Auxiliar de Administración Xeral</b>		
<b>NÚM. ORDE</b>	<b>DNI**</b>	<b>NOME E APELIDOS</b>
<b>1</b>	<b>***8401**</b>	<b>N. M. Nuñez Aboy</b>

*De todo o exposto, e suxeito á verificación técnica, deixase constancia para os estritos efectos do expediente administrativo de referencia.”*

### VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente en data 27/02/2023, o custe dunha/dun auxiliar de administración xeral baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 c) do TREBEP, por un prazo máximo ata o 09/08/2024 sería o seguinte:

*“Infórmase que o custo, salvo erro ou omisión e aproximadamente, se a relación laboral se iniciase o 15 de marzo de 2023 e ata 09/08/2024, sería o seguinte, establecendo un incremento do 2,5% para o ano 2024:*

2023		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
9 meses e 15 días	Auxiliar	1	20.430,20	6.793,04
2024				
7 meses e 9 días			16.074,86	5.344,89

O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2023 no que respecta a retribucións por importe de 20.430,20 €, e para o ano 2024 de 16.074,86 € e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2023 por importe de 6.793,04 € e para o 2024 de 5.355,89 €.”

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

#### **VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

#### **VIII.- COMPETENCIA**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:



## Concello de Vigo

### PROPOSTA DE ACORDO

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dunha/un funcionaria/o interina/o nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: 1 auxiliar de administración xeral.
- Modalidade legal: funcionario interino por execución dun programa temporal (artigo 10.1, letra c) do TREBEP).
- Destino: Dirección de Ingresos.
- Período temporal: Prazo máximo ata o 09/08/2024, sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3 letra c) do TREBEP).
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente:

*“O custo cun incremento do 2,5% para o ano 2024 sería o seguinte:*

2023		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
9 meses e 15 días	Auxiliar	1	20.430,20	6.793,04
2024				
7 meses e 9 días			16.074,86	5.344,89

*O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2023 no que respecta a retribucións por importe de 20.430,20 €, e para o ano 2024 de 16.074,86 € e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2023 por importe de 6.793,04 € e para o 2024 de 5.355,89 €.”*

Todo elo, consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios interinos por execución de programa temporal *“Programa de actuación para desenvolver procesos de mantemento catastral segundo o convenio vixente e a partir da información da Xerencia de Urbanismo, Servizo de patrimonio-inventario de bens inmobles e viais, Área de Fomento así como incorporación á plataforma municipal VCI+”*, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, como auxiliar de administración xeral a candidata/o: *N. M. Nuñez Aboy con DNI \*\*\*8401\*\**, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das

instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo a/o funcionaria/o interina/o nomeada/o, Directora de Ingresos, Intervención Xeral Municipal, persoal integrado no Grupo II da Área de RRHH e Formación, inspección de persoal, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(212).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO CO “INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES” PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DAS ACTIVIDADES CULTURAIS DE INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN DO ANO 2023. EXPTE. 4851/330.**

Visto o informe xurídico do 10/03/2023 e o informe de fiscalización do 23/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 16/02/2023, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **INFORME-PROPOSTA.-**

Con data da sede electrónica municipal 9 de febreiro do 2023, o Instituto de Estudos Vigueeses presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2023; por este motivo, con data 9 de febreiro do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 37.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.01 do orzamento municipal vixente.

#### **ANTECEDENTES.-**

*O **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** é unha entidade sen ánimo de lucro encadrada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao **Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)**. Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudos rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade céntrase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudio estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.*



## Concello de Vigo

### PROGRAMA

- *Boletín anual "GLAUCOPIS" Ano 2023*
- *Catálogo de Bustos, Monumentos Conmemorativos e Placas da Cidade de Vigo de Mercedes Bangueses*
- *En el centenario de la inauguración de los Pabellones Sanitarios (1922-2022) da autoría de Fernando Domínguez*
- *In hac lacrimarum valle. Guía ilustrada para coñecero os santos patróns dos templos da provincia de Pontevedra da autoría de Xoán Carlos Abad*
- *La mujer viguesa en los primeros sesenta años del siglo XX da autoría de Dolores Elena Durán*
- *Reedición do Libro Álvarez (1922-2002):El emporio vigués de cerámica y vidrio de Joaquín Valeiras.*

Tamén está previsto organizar o " Forum 2023-PROXECTAR VIGO", que abrangue a seguinte programación:

- 1) Presentación do FORUM (23 de febreiro)
- 2) Concerto-conferencia de Alejo Amoedo, con acompañamento de canto (23 de marzo)
- 3) "José Gil, cineasta". Proxección de cortos de José Gil. Manuel González (13 e 27 de abril) .
- 4) "Vigo, cidade inclusiva".Fundación Sálvora (18 de maio)
- 5) "Contexto xeolóxico da formación da Ría de Vigo e historia do seu desenvolvemento industrial de Federico Vilas Martín e Xan Carmona (21 de xuño) conferencia asociada a unha xira náutica explicativa.
- 6) "O Eixo Atlántico". Secretaría do Eixo Atlántico (14 de setembro)
- 7) "Proxección urbana de Vigo e a anexión dos Concellos de Bouzas e Lavadores a Vigo. Xosé Manuel Souto González e Miguel González Fernández (5 de outubro)
- 8) "O proxecto Julio Verne: hidróxeno líquido". C. Botana (19 de outubro)
- 9) "Proxección empresarial de Vigo. Empresas de futuro". Kaleido, Marine Instruments, Alen Space (9 de novembro)
- 10)"A inspiración musical do noso entorno nas obras de Carlos Núñez". Carlos Núñez (data sen confirmar). **O evento deberá ter lugar antes do 12 de novembro, data de finalización do período subvencionable.**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 38.500 € (trinta e oito mil cincocentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 37.000 €
- Venda de publicacións 1.500 €

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente

- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 15 de febreiro do 2023

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao “Instituto de Estudos Vigueses”, para a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2023, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao “Instituto de Estudos Vigueses” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.





## Concello de Vigo

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Instituto de Estudios Vigueses” ten como obxecto financiar a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2023, figurando na aplicación **3340.480.00.01** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 37.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Instituto de Estudios Vigueses” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio. polo que coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 37.000 € (trinta e sete mil euros) ao Instituto de Estudios Vigueses, CIF: G-27767524, para o financiamento do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2023, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.01 “ CONVENIO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES ” , que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto do convenio entre o Concello de Vigo e o “Instituto de Estudios Vigueses” que regula o outorgamento da subvención para o financiamento do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2023*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O “INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES”. PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DAS ACTIVIDADES CULTURAIS DE INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN DO ANO 2023**

En Vigo, na data da sinatura dixital

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de

Cultura do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019, 17 de agosto do 2020, 4 de setembro de 2020 e 6 de setembro de 2022 e acordos da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020, 19 de novembro e 23 de decembro de 2020

Doutra, D. Xoán Carlos Abad Gallego, na súa condición de presidente do "Instituto de Estudos Vigueses" (CIF: G-27767524) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Cánovas del Castillo, 2, 2º, CP 36202 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### MANIFESTAN

*I.- Que o **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** é unha entidade sen ánimo de lucro encaдрada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao **Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)**. Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudos rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade céntrase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudo estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES**", como medio que é de promover a investigación e divulgación cultural na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.01, como subvención nominativa, a favor da **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES**, a cantidade de 37.000 euros.*

*IV.- Que o **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** non está incurso na prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentas co*



## Concello de Vigo

*Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

**V.-** De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de actividades durante o exercicio 2023, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

#### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 38.500 € (trinta e oito mil cincocentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 37.000 €
- Venda de publicacións 1.500 €

#### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

- *Boletín anual "GLAUCOPIS" Ano 2022*
- *Catálogo de Bustos, Monumentos Conmemorativos e Placas da Cidade de Vigo de Mercedes Bangueses*
- *En el centenario de la inauguración de los Pabellones Sanitarios (1922-2022) da autoría de Fernando Domínguez*
- *In hac lacrimarum valle. Guía ilustrada para coñecero os santos patróns dos templos da provincia de Pontevedra da autoría de Xoán Carlos Abad*
- *La mujer viguesa en los primeros sesenta años del siglo XX da autoría de Dolores Elena Durán*
- *Reedición do Libro Álvarez (1922-2002):El emporio vigués de cerámica y vidrio de Joaquín Valeiras.*

Tamén está previsto organizar o " Forum 2023-PROXECTAR VIGO", que abrangue a seguinte programación:

- 1) Presentación do FORUM (23 de febreiro)

- 2) Concerto-conferencia de Alejo Amoedo, con acompañamento de canto (23 de marzo)
- 3) "José Gil, cineasta". Proxección de cortos de José Gil. Manuel González (13 e 27 de abril) .
- 4) "Vigo, cidade inclusiva".Fundación Sálvora (18 de maio)
- 5) "Contexto xeolóxico da formación da Ría de Vigo e historia do seu desenvolvemento industrial de Federico Vilas Martín e Xan Carmona (21 de xuño) conferencia asociada a unha xira náutica explicativa.
- 6) "O Eixo Atlántico". Secretaría do Eixo Atlántico (14 de setembro)
- 7) "Proxección urbana de Vigo e a anexión dos Concellos de Bouzas e Lavadores a Vigo. Xosé Manuel Souto González e Miguel González Fernández (5 de outubro)
- 8) "O proxecto Julio Verne: hidróxeno líquido". C. Botana (19 de outubro)
- 9) "Proxección empresarial de Vigo. Empresas de futuro". Kaleido, Marine Instruments, Alen Space (9 de novembro)
- 10)"Antonio Palacios, arquitecto". José Varela (23 de novembro). **(FORA DO PERÍODO SUBVENCIONABLE)**
- 11)"A inspiración musical do noso entorno nas obras de Carlos Núñez". Carlos Núñez (data sen confirmar). **O evento deberá ter lugar antes do 12 de novembro, data de finalización do período subvencionable.**

#### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1.- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Xoan Carlos Abad Gallego, presidente da entidade.
- 2.- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- 7.- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións



## Concello de Vigo

de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 8.- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 9.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade presenta recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil correspondente ao ano 2023.

### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1.- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa das actividades contempladas neste convenio.
- 2.- Xestionar o pagamento do importe da subvención (37.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou

aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

#### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.



## Concello de Vigo

### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade, ademáis deberá achegar un balance que abranxa a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro do 2023.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.

3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe.
  - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
  - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc.
  - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
  - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados dende o 15 de novembro do 2022 e 12 de novembro do 2023, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.





## Concello de Vigo

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2023, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.



## Concello de Vigo

### DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

### PROGRAMA E ORZAMENTO DIFUSIÓN CULTURAL DO IEV ANO 2023

	Edición libros	Orzamento
<b>Gastos 2023</b>	<i>Catálogo de Bustos, Monumentos Conmemorativos e Placas da cidade de Vigo</i> (Mercedes Bangueses)	7.000 euros
	<i>En el Centenario de la inauguración de los Pabellones Sanitarios (1922-2022)</i> (Fernando Domínguez)	1.000 euros
	<i>IN HAC LACRIMARUM VALLE. Guía ilustrada para recoñecer ós santos patróns dos templos da provincia de Pontevedra</i> (Xoán Carlos Abad)	8.500 euros
	<i>La mujer viguesa en los primeros sesenta años del siglo XX</i> (Dolores Elena Durán)	2.500 euros
	<i>Boletín Glaucopis nº 28</i>	7.500 euros
	Reedición libro <i>Empresas Álvarez</i>	8.000 euros
	<b>Total parcial</b>	<b>34.500 euros</b>
	<b>Gastos administración</b>	
	Telefonía, mensaxería, correos e outros	3.000 euros
	Organización FORUM 2023	1.000 euros
<b>Total parcial</b>	<b>4.000 euros</b>	
	<b>Total gastos</b>	<b>38.500 euros</b>
<b>Ingresos</b>	Subvención nominativa concello de Vigo	37.000 euros
	Venta de publicacións	1.500 euros
	<b>Total ingresos</b>	<b>38.500 euros</b>
<b>Saldo Gastos e ingresos</b>		<b>0 euros</b>

**9(213).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á "ASOCIACIÓN VEL VIGO ENTRE LETRAS " PARA O FINANCIAMIENTO DO "VI ENCONTRO LITERARIO VIGO ENTRE LETRAS 2023". EXPTE. 4831/330.**

Visto o informe xurídico do 10/03/2023 e o informe de fiscalización do 22/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/02/2023, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 25 de xaneiro do 2023, "A Asociación Vel Vigo entre letras " presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do "Encontro Literario Vigo entre letras 2023"; por este motivo, con data 31 de xaneiro do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.24 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

La ASOCIACIÓN VEL VIGO ENTRE LETRAS xorde da colaboración entre tres escritoras galegas, Antía Eiras, Andrea López e Nesa Costas. A súa consolidación como asociación realízase no ano 2022.

A idea obedece á necesidade de reunir a escritoras y escritores coas lectoras e lectores, e fomentar a cultura literaria en todos os seus xéneros. Un punto de encontro no que compartir experiencias, opinións e debater sobre todos os ámbitos do mundo literario. A función principal é reunir a todas as persoas que compartan o interese polos libros sexa do xeito que sexa, lectores, escritores, editores e correctores

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O "VI Encontro literario Vigo entre letras" tivo lugar o día 14 de xaneiro do 2003 no Teatro Salesianos

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 6.305,90 euros , dos que o Concello de Vigo achegará 4.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificación da conta bancaria asinado dixitalmente pola entidade
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.



## Concello de Vigo

- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á ASOCIACIÓN VEL VIGO ENTRE LETRAS , para o financiamento do “VI ENCONTRO LITERARIO VIGO ENTRE LETRAS 2023” *NO TEATRO SALESIANOS*, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á ASOCIACIÓN VEL VIGO ENTRE LETRAS deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN VEL VIGO ENTRE LETRAS ten como obxecto financiar a organización do “**VI ENCONTRO LITERARIO VIGO ENTRE LETRAS**” figurando na aplicación **3340.480.00.24** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade Á ASOCIACIÓN VEL VIGO ENTRE LETRAS é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros) á entidade ASOCIACIÓN VEL VIGO ENTRE LETRAS CIF. G10861235 para o financiamento do “VI ENCONTRO LITERARIO VIGO ENTRE LETRAS 2023” NO TEATRO SALESIANOS, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación “VI ENCONTRO LITERARIO VIGO ENTRE LETRAS ”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- *As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

- 1.- E de responsabilidade da Entidade :
  - 1.- A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
  - 2.- A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
  - 3.- Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 2.- Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA Dna. Andrea López Saborido , presidenta da entidade
- 3.- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 4.- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
- 5.- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos;



## Concello de Vigo

co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 6.- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 7.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2023
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.





## Concello de Vigo

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar

cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

### **INFRACCIÓN E SANCIÓNS**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **ACORDO**



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(214).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA PARA O FINANCIAMENTO DO XI CONCURSO DE CORDA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4837/330.**

Visto o informe xurídico do 10/03/2023 e o informe de fiscalización do 22/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/02/2023, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 31 de xaneiro do 2023, a “Asociación Galega de Instrumentos de Corda” (AGIC) presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do XI Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar os días 8,9, 10 e 11 de decembro do 2022 (dentro do período subvencionable do exercicio económico 2023) ; por este motivo, con data 3 de febreiro do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 9.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.13 do orzamento municipal vixente.

#### ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e a promoción da música de corda en todos os seus ámbitos e en todas as súas variantes. Por este motivo, a entidade organiza dende o ano 2012 o Concurso de violín, viola e violonchelo "Cidade de Vigo", como vehículo onde os novos talentos dos instrumentos de corda fregada poidan coñecer, descubrir e amosar o nivel interpretativo requirido para a evolución das súas carreiras musicais. O ámbito do concurso ampliou nos últimos anos o seu ámbito xeográfico pasando de toda a Comunidade Autónoma Galega a toda a Península Ibérica participando instrumentistas de casi todo o territorio español (Madrid, Sevilla, Málaga, Tarragona, Guipuzcoa) e norte de Portugal.

#### PROGRAMA E ORZAMENTO:

O Concurso tivo lugar os días 8,9, 10 e 11 de decembro do 2022 no Auditorio Martín Codax do Conservatorio Superior de Música de Vigo

O Concurso configurouse como un instrumento ao servizo dos novos músicos, por iso está dividido en diversas categorías : (categoría a) ata 12 anos, (categoría B) ata 15 anos, (categoría C) ata 18 anos e (categoría D) ata 22 anos.

O seu desenvolvemento é durante catro días. Os tres primeiros destinados ás probas eliminatorias entre os concursantes admitidos a participar. E o último día destinado á final, entre os concursantes que superen a fase preliminar.

Os premios do Concurso consistiron:

Categoría A: gañador 300 €, e dous accésit, dotado con 150€.

Categoría B: gañador 350€, e dous accésit, dotado con 200€.

Categoría C: gañador 400€, e dous accésit, dotado con 250€

Categoría D: gañador 500€, y dous accésit dotado con 250€.

Sen perxuízo disto o xurado podrá conceder calquera mención especial que considere oportunas.

Estes premios son para cada un dos instrumentos participantes.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 23.612,40 € (vintetrés mil seiscientos doce euros con corenta céntimos ), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 euros
- Xunta de Galicia: 4.000 euros
- Patrocinio Ibercisa: 3.000 euros

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Memoria e orzamento da actividade
- NIE da presidenta da Asociación
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo cubrindo o período subvencionable.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA , para o financiamento do XI Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar en decembro do 2022, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de



## Concello de Vigo

subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA ten como obxecto financiar o XI Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar en decembro do 2022, figurando na aplicación **3340.480.00.13** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 9.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

***“PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 9.000 € (nove mil euros) a “ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA”, CIF. G27761196, para o financiamento do XI Concurso de Corda Cidade de Vigo que tivo lugar os días 8, 9,10 e 11 de decembro do 2022 no Auditorio Martín Codax do Conservatorio Superior de Música, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.13 “SUBVENCIÓN AGIC CONCURSO DE VIOLÍN”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.-* As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

## **OBRIGAS DA ENTIDADE**

- 1.- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. ROBERTO ALONSO UCHA, tesoureiro da entidade.
- 2.- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo ampliamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.- Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
- 6.- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 7.- A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 8.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A EMPRESA presenta poliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo que cubre o período subvencionable.

## **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
- 2.- Xestionar o pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

## **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**



## Concello de Vigo

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro do 2023.

- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados desde o 15 de novembro do 2022 ao 12 de novembro do 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:





## Concello de Vigo

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións

e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(215).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DE ITINERARIO PEONIL NA RÚA ROUPEIRO – MATAMÁ”. EXPTE. 4822/443.**

Visto o informe de fiscalización do 22/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/03/2023, asinado pola técnica de xestión, o técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- Por parte do Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canles e Portos, D. Juan Manuel Sánchez redáctase proxecto de “MELLORA DE ITINERARIO PEONIL NA RÚA ROUPEIRO – MATAMÁ”, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 25.09.2020 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

II.- O proxecto de MELLORA DE ITINERARIO PEONIL NA RÚA ROUPEIRO, se ubica na parroquia de Matamá (Vigo). A actuación comprende uns 490 m, que van dende o número 9 ata o número 57 da rúa. As



## Concello de Vigo

principais actuacións previstas no proxecto son:

- Demolición do pavimento dos bordes.
- Escavación de gabia de 0,84 m de profundidade para a instalación dun colector.
- Instalación de colector xeral de PVC-U diámetro 315 mm SN4, construción de sumidoiros e arquetas de rexistro, para a recollida das augas pluviais.
- Construción de murete de formigón HA-25/B/20/Ila, de 0,95 m de altura e 0,25 cm de espesor, coa instalación dunha varanda de aceiro galvanizado.
- Recheo e compactación de gabias con material procedente da escavación ou de préstamo.
- Pavimentos de formigón HF-40 armado con fibras de 15 cm de espesor e 1,20 m de ancho.
- Reposición da sinalización horizontal.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

**III.-** Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 17.12.2020, por tratarse dunha actuación no contorno de protección do Castro de Matamá, incluído no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, autorizando as actuacións solicitadas para a mellora do itinerario peonil na rúa Roupeiro - Matamá coas seguintes condicións:

- Con anterioridade ó inicio das obras, presentarase ante esta Consellería un proxecto de control arqueolóxico, asinado por técnico/a arqueólogo/a competente de acordo co establecido polo Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A obra só poderá dar comezo unha vez que a actuación arqueolóxica sexa autorizada.
- Á vista dos resultados obtidos no control arqueolóxico, poderán modificarse as condicións de autorización da actuación.
- Os pavimentos de formigón terán unha textura lisa, sen texturados que imiten materiais ou solucións construtivas alleas, e unha cor de acabado neutra e mate, da gama dos grises, beige ou marrón pouco saturado, sendo tamén admisible o uso de pavimentos de formigón lavado ou desactivado, cando se empreguen áridos de procedencia local, para conseguir a integración das cores de acabado cos peches tradicionais do ámbito. En ningún caso se admitirán pavimentos impresos imitativos de lastros, táboas, lousas ou similares. As tampas das arquetas poderán revestirse coa mesma solución de pavimentación, admitíndose tamén a colocación de tampas de fundición de deseño discreto.
- A varanda terá un deseño sinxelo, non historicista, e un acabado mate, nunha cor neutra da gama dos brancos, grises ou negros, evitando os acabados brillantes ou metalizados

Asemade, consta tamén no expediente, resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 16.12.2022, pola que se autoriza a actuación de control arqueolóxico dos traballos de mellora de itinerario peonil na rúa Roupeiro, Matamá, Vigo.

**IV.-** A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en datas 28.02.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*

*O planeamento vixente, Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, así como o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) e a Revisión de Plan Xeral de Ordenación Municipal coa aprobación inicial, que conforman o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, nesta documentación se clasifica urbanísticamente o solo da actuación como: Sistema viario.*

*A área do presente proxecto está afectado dende o punto de vista do patrimonio histórico polo Castro de Matamá/Os Castros co código do xacemento GA36057045, polo que se solicita mediante dilixencia autorizacións das obras á Consellería de Patrimonio segundo informe previo do servizo de patrimonio do Concello de Vigo dadas as características das obras proxectadas e a súa localización no contorno de protección de elementos integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Co número de expediente 2343/2020 autoriza as obras a Consellería de Cultura, condicionada a presentación do proxecto arqueolóxico por parte do Concello de Vigo antes do comezo das obras e polo tanto non obxecto de este proxecto de execución e a obriga de non provocar danos sobre os elementos protexidos.*

*En data 16 de decembro de 2022, a DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL AUTORIZA mediante resolución O PROXECTO DE CONTROL ARQUEOLÓXICO DOS TRABALLOS DE MELLORA DE ITINERARIO PEONIL NA RÚA ROUPEIRO, MATAMÁ, VIGO, COA AFECCIÓN DOS XACEMENTOS DE CASTRO DE MATAMÁ (GA36057045). Expte. 2343/20.*

*Do mesmo modo, non se dan as circunstancias previstas no Artigo 21 Información pública e informe das administracións afectadas da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, por non tratarse dunha nova estrada nin dunha modificación sustancial da estrada que afecte de maneira significativa o planeamento urbanístico municipal de acordo os supostos previstos en dito artigo.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

## **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**



## Concello de Vigo

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “MELLORA DE ITINERARIO PEONIL NA RÚA ROUPEIRO - MATAMÁ”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Juan Manuel Sánchez González, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E SEIS MIL CATROCENTOS SESENTA E UN EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (136.461,63 €), asinado dixital en data 20 de febreiro de 2023.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(216).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN POLÍGONO 1 DO PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 5274/401.**

Dáse conta do informe-proposta de data 23/03/2023, asinado pola técnica de planeamento e desenvolvemento e a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES E FEITOS

I.I. Con data do 12.01.2023 a Técnica de Admon. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, o Enxeñeiro de camiños, canais e portos e a Xefa da Área de Desenvolvemento urbanístico asinan conxuntamente informe-proposta, que foi sometido ao Consello da Xerencia municipal de Urbanismo con data do 17.01.2023, co contido que se reproduce a continuación:

*“ I.I.- Compre traer a colación como antecedente do presente, o expediente tramitado nesta administración, e do que trae causa o neste intre tramitado, isto é a “2ª Modificación Puntual do Plan Parcial de Navia (Exp.15666/411), aprobado definitivamente polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo na sesión que tivo lugar o 29.07.2020; Dito acordo de aprobación definitiva, foi publicado no DOG núm. 183 do 09.09.2020, a súa normativa no BOP núm.212, do 03.11.2020, e figura inscrita no rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia o 09.10.2020, co núm.RPG00064/2020, polo que ten acadado plena eficacia e vixencia.*

*Pola súa banda, e no que atinxe ao procedemento de xestión, tramitado polo IGVS, a través do sistema de expropiación , procedeuse a apertura nesta administración do expediente co núm. 278/413, en atención a documentación remitida polo IGVS, relativa a expropiación por taxación conxunta dos bens e dereitos afectados, e que se precisan ocupar para a execución dos polígonos do Plan Parcial de San Paio de Navia.*

*I.II.- Con data do 25.03.2022 a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, en base e de conformidade coa proposta subscrita conxuntamente pola Técnica de Admón. Xeral do servizo de planeamento e xestión, o enxeñeiro de camiños, canais e portos e a Xefa da área de desenvolvemento urbanístico, previo ditame do Consello da XMU , acordou prestar aprobación con carácter inicial, »Proxecto de urbanización do Polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia», documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 22.02.2022 (doc. Núm. 220039058), redactada por PROYFE SL, con data febreiro de 2022, e asinada con firma dixital válida, pola arquitecta Lorena Pardiñas lamas, o enxeñeiro de camiños, canais e portos David Pardiñas Lamas, e o enxeñeiro industrial Pablo Alonso Lago do 31.03.2021, instrumento urbanístico promovido pola Instituto Galego de Vivenda e Solo (...).”*

*I.III.- En cumprimento do disposto, someteuse o presente expediente con toda a documentación integrante do mesmo, ao correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de un (1) mes, consonte a normativa de pertinente aplicación, mediante a publicación de anuncios no BOP núm.69 de data 08.04.2022 e nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo) do 01.04.2022, na Web e na Sede electrónica municipal; e así o fai constar a Xefa da oficina de Rexistro desta XMU en dilixencia asinada o 03.08.2022, incorporada ao expediente dixital de razón.*

*Consta asemade, certificación expedida con data do 05.08.2022 pola Secretaria da Admon. Municipal por encomenda do Secretario da XMU (Res. 13.07.2022) co visto e prace da Vicepresidenta da XMU, na que se fai constar que, “Proxecto de urbanización do polígono 1 do Plan Parcial de Navia”, aberto polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior difusión da provincia (Faro de Vigo, do 1 de abril de 2022), no Boletín Oficial de Pontevedra (número 69, do 8 de abril de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, así como no Boletín Oficial do Estado (número 154, do 28 de xuño de 2022), segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 3 de agosto de 2022, pola Xefa da Oficina de Rexistro da XMU, presentáronse os seguintes escritos de alegacións:*

Data rexistro entrada	Doc.	Interesado
27/06/2022	220160103	Marcial Goberna Villar

*Procedeuse, asemade, á notificación individualizada a todos os interesados no presente procedemento, así como a solicitude dos informes sectoriais que resultan preceptivos, en atención as características do ámbito.*



## Concello de Vigo

I.IV. De todo ata aquí actuado e tramitado, procedeuse a dar traslado á entidade promotora da presente actuación, e así consta acreditado no expediente dixital de referencia; Á vista do oficiado, con data do 11.11.2022 tiña entrada nesta XMU a través do sistema SIR,(doc. Núm. 220280269) un oficio asinado polo director xeral do IGVS , ao que xunta a seguinte documentación: informe de resposta ás alegacións presentadas e proposta de Resolución para a aprobación definitiva do expediente de información pública e do proxecto de urbanización da actuación, subscrito por "Proyfe SL" en data novembro de 2022, e asinado dixitalmente polo enxeñeiro redactor do proxecto David Pardiñas Lamas, no que se integran os seguintes apartados:Obxecto, Antecedentes, Informes de órganos da administración, Certificados de Exposición pública, Resumo das Alegacións presentadas, Resposta á alegación particular e proposta de Resolución.

No que respecta a alegación presentada no preceptivo período de información pública presentada por Marcial Goberna Villar, a cuxo íntegro contido nos remitimos e no que en resumo solicita que, se incorpore á proposta de ordenación consistente en establecer un acceso ás parcelas 1 e 2 de xeito que queden illadas e enclavadas sen posibilidade de acceso, segundo plano que se xunta- a promotora da presente actuación tralo análise da mesma conclúe que se proceda a súa desestimación , por mor, de que ás parcelas sobre ás que versa a alegación se atopan forma do ámbito do Plan Parcial de San paio de Navia, polo que o posible acceso, aínda que sería viable tecnicamente, non é obxecto do proxecto de urbanización.

Dado o anterior, no dito oficio o IGVS conclúe que, non estima necesario modificar o proxecto técnico de urbanización aprobado inicialmente, e solicita que se continúe coa tramitación para aprobar definitivamente o dito proxecto de urbanización

I.V. Elevado o expediente completo ao enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas desta Área de Desenvolvemento Urbanístico, con data do 12.01.2023 emite informe técnico, de carácter favorable a referida actuación, do que extractamos a continuación o seu contido referido ao axuizamento da documentación técnica presentada, para unha maior comprensión do nel concluído,

"(...)Segundo se reflicte da notificación recibida por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo, ese organismo estima que, malia ás observacións contidas nos informes de aprobación inicial e ás alegacións recibidas durante o período de exposición pública, non é preciso modificar o proxecto de urbanización aprobado inicialmente. De feito, solicítase a aprobación definitiva do mesmo.

No referido ás alegacións recibidas durante a exposición pública, o IGVS achega o documento "Informe de respuesta a las alegaciones presentadas y propuesta de resolución para la aprobación definitiva del expediente de información pública y del proyecto de urbanización de la actuación: Proyecto de urbanización polígono 1 do plan parcial de San Paio de Navia". Este informe, elaborado polo redactor do proxecto D. David Pardiñas Lamas, recolle a resposta ás seguintes alegacións:

Escrito presentado pola empresa Nedgia.

O 11.05.2022 recíbese no rexistro da XMU do Concello de Vigo un escrito da empresa Nedgia no que, en resumo, se trasladan as seguintes cuestións (Ver Informe completo no Anexo I):

- NEDGIA dispón de capacidade para a ampliación da subministración en todos os sectores
- E que na zona prevista do proxecto de urbanización dispóñense de redes existentes que en caso de verse afectadas deberán tomarse as medidas oportunas.

En base ao anterior, o proxectista indica o seguinte:

- Os proxectos de urbanización dos diferentes sectores consisten nunha reurbanización integral coa execución de novos viais que modifican o trazado dos existentes e novas parcelas destinadas a edificacións.
- A rede de gas incluída nos proxectos de urbanización que desenvolven os diferentes sectores do ámbito de San Paio de Navia foron realizados conxuntamente cos servizos de NEDGIA na súa delegación de Galicia situada en Santiago de Compostela.
- Tal e como se indica nos distintos proxectos de urbanización, a solución incluída nos distintos proxectos

*correspóndese integramente coa solución exposta pola delegación de NEDGIA en Galicia e no que se tivo en conta a compatibilidade coas redes existentes tanto no interior do ámbito como nos seus contornos.*

*Non cómpren observacións complementarias ás feitas polo redactor do proxecto.*

*Escrito presentado pola empresa Unión Fenosa Distribución (UFD).*

*O 03.05.2022 recíbese no rexistro da XMU do Concello de Vigo un escrito da empresa Unión Fenosa Distribución no que, en resumo, se trasladan unha serie de condicionantes da compañía en relación coa execución do proxecto de urbanización (Ver Informe completo no Anexo I):*

*En base ao anterior, o proxectista indica o seguinte:*

- Os proxectos de urbanización dos diferentes sectores consisten nunha reurbanización integral coa execución de novos viais que modifican o trazado dos existentes e novas parcelas destinadas a edificacións.*
- O deseño da rede eléctrica incluída nos distintos proxectos de urbanización que desenvolven os diferentes sectores do ámbito de San Paio de Navia foron realizados conxuntamente cos servizos de UFD na súa delegación da provincia de Pontevedra baixo o expediente EXP638320110260.*
- Tal e como se indica nos distintos proxectos de urbanización, a solución incluída nos distintos proxectos correspóndese integramente coa solución exposta pola delegación de UFD na provincia de Pontevedra baixo o expediente antes mencionado e no que se tivo en conta a compatibilidade coas redes existentes tanto no interior do ámbito como nos seus contornos.*

*Non cómpre observacións complementarias ás feitas polo redactor do proxecto.*

*Alegación particular D. Marcial Goberna Villar (Polígono P1).(…)*

*Na alegación presentada por Dº Marcial Goberna Villar, con DNI 36.048.076-S e domicilio en Camiño Carballa nº4, 36210, Vigo (Ver Informe completo no Anexo I), este solicita:*

*“(…) incorpórese a proposta de ordenación contida no presente escrito. Isto é: establézase un acceso ás parcelas 1 e 2, de forma que non queden illadas e situadas sen posibilidade de acceso algún”.*

*A resposta trasladada polo IGVS maniféstase nos seguintes termos:*

*“Las parcelas sobre las que versa la alegación presentada se encuentran fuera del ámbito del Plan Parcial de San Paio de Navia, por lo que el posible acceso, aunque sería viable técnicamente, no es objeto del proyecto de urbanización”.*

*Sen entrar a valorar o fondo da alegación dende un punto de vista xurídico, este técnico pode ratificar os seguintes aspectos:*

- De acordo con especificado no informe redactado polo enxeñeiro redactor do proxecto de urbanización, sería viable a execución dun acceso atendendo ás cotas previstas nese ámbito do proxecto.*
- Non corresponde ao proxecto de urbanización resolver cuestións vinculadas ao planeamento urbanístico. A reclamación debe enmarcarse no eido do planeamento municipal e, no seu caso, incorporar durante a fase de execución das obras os posibles cambios que puideran derivar da súa resolución.*
- Observacións contidas no informe de aprobación inicial.*

*Por outra banda, no informe de aprobación inicial figuraban unha serie de observacións de carácter técnico que, salvo mellor criterio, non condicionan a aprobación definitiva do proxecto. Analízanse a continuación:*

- A observación 1, relativa á dispoñibilidade dos terreos para a execución das conexións de infraestruturas fora do ámbito, alertaba sobre una cuestión que afecta, en calquera caso, ao promotor dos traballos. Será este, quen nas correspondentes actas de replanteo e comprobación de replanteo, faga constar esta dispoñibilidade de cara á execución dos traballos por parte do adxudicatario.*
- As observacións 2,3 e 4 facían referencia a opcións de coordinación coa contorna do ámbito durante a execución das obras, ou con fases pendentes de desenvolvemento, para mellorar a permeabilidade e a mobilidade peonil na zona.*





## Concello de Vigo

- *A observación 5, relativa a achega e documentación relativa a garantir a non afección ao drenaxe da estrada VG-20, de titularidade do Ministerio de fomento, forma parte dun requisito imposto por un organismo sectorial e que corresponde satisfacer ao promotor dos traballos antes do inicio dos mesmos. Vencellado a isto comprende tamén que a parte inicial da traza deste colector de descarga discorre por terreos de afección das vías VG-20 e Avda. De Ricardo Mella, polo que lle corresponde ó promotor a xestión dos permisos necesarios para a execución deses traballos e o cumprimento das prescricións de execución que puideran impoñer as administracións competentes.*

*É dicir, ou ben se trata de cuestións resolubles durante a execución dos traballos ou ben se trata de obrigas que corresponden ao promotor como parte das autorizacións administrativas vinculadas á execución do proxecto, pero que non invalidan a súa definición técnica.*

- Outras consideracións

- *Aínda que non se reflicte no informe achegado, consta no expediente informe de Zona Hidrográfica Galicia-Sur de Augas de Galicia no que se reflicte o seguinte:*

**Poñemos no seu coñecemento que a área de actuacións delimitada no polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia se atopa fora da zona de policía de leitos a máis de 100 metros das correntes de dominio público hidráulico que discorren polas proximidades, polo que en baseamento ao art.78 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, de 11 de abril) as obras que se realicen no marco do citado plan parcial non precisan autorización por parte desta administración hidráulica.]**

- *Con data de 19 de outubro de 2022, tivo entrada no Rexistro electrónico dá Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, oficio dá Dirección Xeral de Aviación Civil, en relación co Proxecto de Urbanización correspondentes ao polígono 2B do Plan Parcial de San Paio de Navia. O informe reflicte, en resumo, o seguinte*

*Por lo anterior, dado que los documentos facilitados no son instrumentos de ordenación urbanística o territorial, no procede emitir informe por parte de esta Dirección General.*

*Asimismo, dado que se considera que la petición se engloba dentro de las resoluciones que ha de emitir la Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA) conforme a los dispuesto en los artículos 30 y 31 del Decreto 584/72 sobre servidumbres aeronáuticas, en su actual redacción, se ha dado traslado a dicha Agencia de la documentación remitida a este Centro Directivo a efectos de que, en su caso, se prosiga con la correspondiente tramitación en relación con la verificación del cumplimiento de las Servidumbre Aeronáuticas.*

*É dicir, especificábase que debe ser AESA quen, no seu caso, emita informe sobre o cumprimento das servidumes aeronáuticas. A data de emisión deste informe non consta no expediente ningunha comunicación ao respecto por parte dese organismo. Porén, e tendo en conta que aínda está vixente o prazo deste organismo para a emisión de informes, o promotor estará obrigado a cumprir co posible condicionado que derive dos mesmos.*

- Conclusiones

*Vista a documentación presentada o 22 de febreiro de 2022 sobre o Proxecto de Urbanización do Polígono 1 do Plan Parcial de Navia e o contido técnico das respostas achegadas ás alegacións recibidas durante o períodos de exposición pública, considerase completa e axeitada para proceder á súa aprobación definitiva de conformidade co pautado nos artigos 96 da LSG e 223 e 225 do seu Regulamento de desenvolvemento.*

### FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

#### I. Normativa Básica aplicable

- *Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*

- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- 2ª Modificación Puntual do Plan Parcial de Navia (Exp.15666/411), aprobado definitivamente polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo con data do 29.07.2020,
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións que poidan afectar

## II.- Natureza, Obxecto e Ámbito do proxecto de urbanización

O presente expediente, tal e como se detallou no expositivo, trae causa da 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia, instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no vixente PXOU-93, promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo co obxecto de reordenar as etapas III-B, IV, V e VI (pendentes de desenvolvemento) a fin de, segundo o solicitado, adaptar a ordenación destas etapas á normativa vixente e corrixir as disfuncións detectadas polo dito órgano, sen alterar as determinacións urbanísticas orixinalmente previstas para as etapas xa urbanizadas e executadas.

A ordenación detallada propón para os terreos pendentes de transformación, unha ordenación mixta de edificación en bloques de IV e V plantas e vivendas unifamiliares que se asentarán de forma gradual na transición entre o tecido extensivo da parroquia de Navia e os bloques de vivenda de maior altura do polígono xa executados.

A edificabilidade total lucrativa que se dita MP proxecta é de 717.775 m<sup>2</sup>c (605.528 m<sup>2</sup>c residenciais e 112.247 m<sup>2</sup>c para usos terciarios). Tendo en conta a edificación xa materializada nas etapas xa executadas (416.413 m<sup>2</sup>c de uso residencial e 67.246 m<sup>2</sup>c terciarios), a edificabilidade remanente que se propón nesta modificación para as etapas que restan por executar ascende a 234.116 m<sup>2</sup>c (189.115 m<sup>2</sup>c en uso residencial e 45.001 m<sup>2</sup>c de uso terciario), para aproximadamente 1.599 vivendas máis, que sumadas ás 3.732 xa executadas farán un total de aproximadamente 5.331 vivendas.

A modificación puntual propón para as fases pendentes de desenvolvemento urbanístico unha dotación de 22.757 m<sup>2</sup> de zonas verdes, 23.946 m<sup>2</sup> de equipamentos, 1.213 prazas de novos aparcamentos públicos e a plantación de 2.341 árbores, o que cumpre as reservas mínimas establecidas na LSG para todo o sector de solo urbanizable.

Vista área do ámbito.- fonte proxecto achegado, autoría Proyfe, SL



**Concello de Vigo**



*A MP delimita tres polígonos para o desenvolvemento da ampliación, con dúas fases para cada un deles; No que aquí nos interesa, respecta ao polígono 1, abranque unha superficie de 99.165 m<sup>2</sup>, que se levará a cabo en dúas fases A e B, que se corresponden coas etapas IV-A e IV-B. e se corresponde cos terreos de transición entre o polígono de Navia xa executado e o tecido residencial de Navia cara o Oeste, e a trama urbana de Coia cara o Este.*

### *III.-Dos Proxectos de urbanización*

*Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.*

*En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “execución e conservación de obras de urbanización,” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. Neste caso atínxe á execución material das obras de urbanización da 2ª MP de Navia, (Polígono 1) coas características e resto de parámetros descritos.*

*Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.*

*Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro de camiños, canais e portos, desta XMU no informe emitido con data do 12.01.2023.*

*Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.*

*En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.*

*En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.*

*Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro de camiños, canais e portos da XMU en data 12.01.2023 informa con carácter favorable dito extremo, concluíndo que, o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informes que se incorporan ao presente expediente e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

#### *IV.- Formulación e tramitación*

*Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos.*

*A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras do servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.*

*A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.*

*Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.*

*Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.*

#### *V.- Órgano competente*

*A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;*

*Por canto antecede, e de conformidade co informe técnico incorporado ao expediente suscrito con data do 12 de xaneiro de 2023, que se incorpora e forma parte da presente proposta de acordo, e lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP;- no que conclúe que a "documentación presentada o 22 de febreiro de 2022 sobre o Proxecto de Urbanización do Polígono 1 do Plan Parcial de Navia e o contido técnico das respostas achegadas ás alegacións recibidas durante o períodos de exposición pública, considerase completa e axeitada para proceder á súa aprobación definitiva de conformidade co pautado nos artigos 96 da LSG e 223 e 225 do seu Regulamento de desenvolvemento" PROPONSE á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,*  
**ACORDO**

*Primeiro.- Desestimar a alegación achegada no preceptivo trámite de información pública, con base e de conformidade co informe de resposta ás alegación presentadas con data do 22.11.2022, suscrito pola entidade redactora do proxecto "Proyfe SL" en data novembro de 2022, e asinado dixitalmente polo arquitecto redactor do proxecto David Pardiñas Lamas, nos termos invocados no corpo da presente.*



## Concello de Vigo

*Segundo.- Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao »Proxecto de urbanización do Polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia », documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 22.02.2022 (doc. Núm. 220039058), redactada por PROYFE SL, con data febreiro de 2022, e asinada con firma dixital válida, pola arquitecta Lorena Pardiñas Lamas, o enxeñeiro de camiños, canais e portos David Pardiñas Lamas, e o enxeñeiro industrial Pablo Alonso Lago, así como á documentación presentada con data do 22.11.2020 "Informe ás alegacións" que se incorpora ao presente expediente e completa e forma parte da documentación técnica integrante do presente instrumento urbanístico, promovido pola Instituto Galego de Vivenda e Solo.*

*Terceiro.- Notificar o contido íntegro do presente acordo ao IGVS, así como a todos os interesados no presente procedemento, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.*

*Quinto.- Dar traslado do presente acordo a entidade Aguas de Galicia- Zona Hidrográfica Galicia Sur, así como a Dirección Xeral de Aviación Civil, en atención aos informes sectoriais evacuados no presente expediente; No que atinxe ao ámbito municipal dar traslado, aos departamentos de tráfico, Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e finalmente ás empresas: Aqualia, Nedgia e Unión Fenosa distribución, Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

**I.II.-** Con posterioridade, o 23.01.2023 a Secretaria da Administración Municipal, efectúa unha serie de observacións, no que atinxe á emisión nesta fase do procedemento, de senllos informes de carácter sectorial que resultan preceptivos, e non obran incorporados ao expediente.

**I.III.-** En cumprimento das ditas observacións efectuadas, consta no expediente dixital de razón, a solicitude e a posterior emisión dos referidos informes sectoriais, e así o fai constar a arquitecta Xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico en informe técnico complementario asinado con data do 20.03.2023 do que reproducimos o seu contido íntegro,

### *"(..) INFORME COMPLEMENTARIO*

*Efectivamente para a aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización é necesario a emisión en sentido favorable dos informes sectoriais, que inicialmente estaban en trámite e non constaban no expediente:*

#### *a) Dirección Xeral de Patrimonio Cultural*

*En data 1/03/2023 e co nº de documento 230055283 recíbese a resolución de data 1/03/2023, expte. 2278/22 na que se autoriza a urbanización do polígono 1 do Plan Parcial de Navia, incluíndo o traslado dos elementos protexidos segundo o proxecto redactado por Iria López Baltar, Restauradora e Conservadora de Bens Culturais.*

#### *b) Servidumes Aeronáuticas, AESA*

*En data 17/03/2023 e co nº de documento 230070610 recíbese acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de servidumes aeronáuticas, expte O23-0093 no que se autoriza a execución do proxecto de urbanización dos polígono 1, 2A e 2B do plan parcial de San Paio de Navia co condicionado de non superar os valores de altura e elevación que constan no informe.*

*Polo que procede continuar a tramitación para a súa aprobación(..)".*

**I.IV.-** Así as cousas, o expediente está completo para a súa remisión ao Concello de Vigo (artigo 3.1 dos Estatutos de Xerencia Municipal de Urbanismo) sendo o órgano competente a Xunta de goberno local consonte ao disposto no artigo 127.1.d) da LRBRL.

Por canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Desestimar a alegación achegada no preceptivo trámite de información pública, con base e de conformidade co informe de resposta ás alegación presentadas con data do 22.11.2022, suscrito pola entidade redactora do proxecto "Proyfe SL" en data novembro de 2022, e asinado dixitalmente polo arquitecto redactor do proxecto David Pardiñas Lamas, nos termos invocados no corpo da presente.

**Segundo.-** Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao »Proxecto de urbanización do Polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia », documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 22.02.2022 (doc. Núm. 220039058) , redactada por PROYFE SL, con data febreiro de 2022, e asinada con firma dixital válida, pola arquitecta Lorena Pardiñas lamas, o enxeñeiro de camiños, canais e portos David Pardiñas Lamas, e o enxeñeiro industrial Pablo Alonso Lago, así como á documentación presentada con data do 22.11.2020 "Informe ás alegacións" que se incorpora ao presente expediente e completa e forma parte da documentación técnica integrante do presente instrumento urbanístico, promovido pola Instituto Galego de Vivenda e Solo.

**Terceiro.-** Notificar o contido íntegro do presente acordo ao IGVS, así como a todos os interesados no presente procedemento, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo a entidade Aguas de Galicia- Zona Hidrográfica Galicia Sur, así como a Dirección Xeral de Aviación Civil, en atención aos informes sectoriais evacuados no presente expediente; No que atinxe ao ámbito municipal dar traslado, aos departamentos de tráfico, Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e finalmente ás empresas: Aqualia, Nedgia e Unión Fenosa distribución, Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente."

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 17/01/2023.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación dunha asistencia técnica para a elaboración dun estudo sobre a demanda do transporte urbano



## Concello de Vigo

colectivo no novo ámbito da mobilidade urbana sostible. Expte. 3896/449.

- .- Primeira prórroga do contrato de concesión para a xestión do servizo de inmovilización, retirada, depósito, custodia e cobro dos vehículos indebidamente estacionados en vía pública. Expte. 132707/210.
- .- Proposta de aprobación das bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do plan municipal de emprego para fomentar a inserción laboral 2023. Expte. 19968/77.
- .- Proposta de aprobación das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2023. Expte. 19969/77.
- .- Nomeamento de catro peóns como funcionarios interinos, por acumulación de tarefas, por prazo de 9 meses para Vigozoo. Expte. 41956/220.
- .- Informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto contra os pregos que rexen o procedemento aberto mixto dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de Pleno do Concello de Vigo. Expte. 19054/101.
- .- Expediente de contratación de patrocinio publicitario para a “XXIV Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca 2023” organizada polo Faro de Vigo. Expte. 19493/101.
- .- Proposta de aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo na celebración da Semana Santa de Vigo. Expte. 2350/150.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu

Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**13(217).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DUN ESTUDO SOBRE A DEMANDA DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO NO NOVO ÁMBITO DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE. EXPTE. 3896/449.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 23/03/2023 e o informe de fiscalización do 30/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/03/2023, asinado pola xefa do Servizo de Transportes, o xefe de Área de Investimentos, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS XERAIS:**

1º-Na actualidade o servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade réxese polo prego de condicións da concesión administrativa do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade aprobado na sesión plenaria de data 26 de maio de 1994.O contrato actual foi adxudicado a empresa Viguesa de Transportes SA, na sesión plenaria de data 16 de setembro de 1994, e con data 8 de xuño de 1995, formalizouse en contrato administrativo a citada concesión. A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 5 de xuño de 2020, acorda aprobar a prorroga expresa do contrato de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo, adxudicado a empresa Viguesa de transportes S.A. (actualmente S.L.), por un período de 5 anos a partir do día 8 de xuño de 2020, até o 7 de xuño de 2025.

A situación actual do sistema de transporte urbano colectivo de Vigo, atópase inmerso nun proceso de recuperación despois das graves afeccións producidas pola pandemia da COVID-19 na sociedade e de forma moi concreta nos hábitos vinculados a mobilidade en xeral e de forma específica no transporte colectivo. A vista destes antecedentes e tendo en conta que o actual contrato administrativo polo cal se regula o servizo público regular de transporte colectivo de viaxeiros en autobús, ten definida como data de finalización o vindeiro 7 de xuño do ano 2025, estimase necesario dar inicio as actuacións conducentes para poder determinar os indicadores reais da demanda do novo modelo de mobilidade urbana, así como poder modelizar e optimizar a rede do transporte urbano de Vigo para a próxima década.





## Concello de Vigo

En relación a dita necesidade e co obxecto de definir o alcance de dita actuación, con data 18 de xullo de 2022 foi adxudicado a empresa INTO GALICIA CONSULTING SL, por resolución do Concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, un contrato menor para a contratación do servizo de redacción do prego de prescricións técnicas e memoria económica para a futura licitación dun estudo técnico sobre a demanda e modelización do sistema de transporte urbano de Vigo sendo presentado o prego de prescricións técnicas e memoria económica na data 8 de novembro de 2022.

2º- Na data 6 de outubro de 2022 foi emitido Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola xefa do servizo de transportes e o xefe da area de investimentos, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)

3º- Na data 7 de outubro de 2022 polo Concelleiro-delegado de Fomento e Servizos se acordou iniciar o expediente para a contratación dunha asistencia técnica para a elaboración do estudo técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo no novo ámbito da mobilidade urbana sostible. e así mesmo. establecer un proceso de modelización da rede de transporte urbano da cidade co obxecto de poder determinar todas as opcións de optimizar dita rede en relación a configuración das liñas coa demanda real e de cara á renovación do servizo de transporte público urbano para o ano 2025

4º- No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

- Memoria económica de data 10 de novembro de 2022, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 8 de novembro de 2022.
- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas de data 10 de novembro de 2022.
- Memoria xustificativa, de data 25 de xaneiro de 2023, relativa aos seguintes extremos:

- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).
- Xustificación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

- Documento contable de data 6 de febreiro de 2023 (202300009945-RC-)

- Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, de data 7 de febreiro de 2023

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do servizo de contratación na data 23 de marzo de 2023.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división



## Concello de Vigo

en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 da LCSP. . Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente, o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

### III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da Asesoría Xurídica, e o informe de fiscalización da Intervención, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación dunha asistencia técnica para a elaboración do estudo técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo no novo ámbito da mobilidade urbana sostible. e así mesmo. establecer un proceso de modelización da rede de transporte urbano da cidade co obxecto de poder determinar todas as opcións de optimizar dita rede en relación a configuración das liñas coa demanda real e de cara á renovación do servizo de transporte público urbano para o ano 2025

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares redactado pola empresa INTO GALICIA CONSULTING SL, e asinado polo enxeñeiro técnico industrial e apoderado da empresa Juan Pablo Guerrero García, e polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Cesar Prieto García na data 8 de novembro de 2022 .

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 23 de marzo de 2023.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de trescentos noventa e nove mil seiscientos oitenta e dous € con noventa e tres céntimos (399.682,93 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 69.366,46 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, da partida orzamentaria 4411 2270600 “Estudio sobre liñas e frecuencias del TUC” de acordo coas seguintes anualidades IVE incluído:

ANO 2023	279.778,05 €
ANO 2024	119.904,88 €
TOTAL	399.682,93 €

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(218).- PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE CONCESIÓN PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO, CUSTODIA E COBRO DOS VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS EN VÍA PÚBLICA. EXPTE. 132707/210.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de 23/03/2023 e o informe de fiscalización do 30/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/03/2023, asinado pola xefa da Área de Seguridade e Mobilidade e a concelleira - delegada de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local adoptou en sesión ordinaria de 08 de xaneiro de 2007 o seguinte acordo (Expte: 70443/210)

*“Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de do interventor xeral do 4.01.06 e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 18.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:*

*1º.- Non admitir á licitación as ofertas seguintes polas causas que se citan a continuación:*

*Estacionamientos y Servicios, S.A., tal e como acordou a mesa de contratación celebrada o día 17-07-2006 por incumprir a esixencia de presentar en sobre pechado no Rexistro Xeral a opción de novos terreos para o deposito definitivo de vehículos retirados da vía pública.*



## Concello de Vigo

*Unión Temporal de Empresas formada por Daorje, S.L.- Hixiene`s, S.L.: por non cumprir os terreos ofertados as condicións mínimas esixidas no prego de prescricións técnicas de acordo co informado polo Arquitecto municipal D. Juan Luis Piñeiro Ferradas o día 20-07-2006.*

*2º.- Adxudicar a Setex Aparki, S.L. o procedemento negociado para a contratación do servizo público de retirada, inmbilización, depósito e xestión de cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública. 70443-210, na opción 1 (reversión dos terreos a finalización do contrato e duración do mesmo de 16 anos)terreos en propiedade). Sendo as características do contrato as seguintes:*

*Fixa como prezos para os primeiros catro anos de prestación do servizo o de 1692.440 euros/ano, como prezo de adxudicación a partir do quinto ano do contrato e para a totalidade do servizos obxecto de contratación o de 1.714.226 euros/ano (IVE incluído).*

*Fixa como coeficientes A, B e C a que se alude na cláusula VII- revisión ordinaria de prezos do prego de prescricións administrativa - os seguintes : A: 0,6079; B:0,0371 e C:0,3549*

*Fixa como tipo de interese aplicable ás inversións: tipo medio EURIBOR + diferencial de 0,00%.*

*Incrementa a cantidade mínima do seguro de responsabilidade civil específico para este contrato en 1.000.000 euros.*

*Todo iso de acordo co prego de condicións administrativas e técnicas aprobado por acordos da Xunta de Goberno Local de 16-01-2006 e 21-03-2005 respectivamente, así como a oferta presentada”.*

**Segundo.-** A prestación comezou o 01 de abril de 2007 e remata o 31 de marzo de 2023.

**Terceiro.-** Para responder do cumprimento do contrato, a citada mercantil constituíu na Tesorería do Concello senllas garantías definitivas por importe de 1.097.104,64 € (mandamento de ingreso 200700003123) e de 34.284,52 € (mandamento de ingreso 200700003124).

**Cuarto.-** O 16 de setembro de 2022 SETEX APARKI S.A. solicitou a través do Rexistro Xeral a prórroga do contrato (doc. 220223837), en cumprimento do establecido no apartado IX do Texto Refundido do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Condicións Técnicas de 21 de marzo de 2005 aprobado por acordos da Xunta de Goberno Local de 21 de marzo de 2005 e de 16 de xaneiro de 2006.

**Quinto.-** Con data de 09 de abril de 2023 a Concelleira delegada de Seguridade ordena o inicio de expediente de prórroga do contrato.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** O contrato obxecto de consideración regúlase, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción polo RDL 2/00 que aprobou o Texto Articulado da Lei de Contratos das AAPP (D.T. 1ª.2 da Ley 30/07 de Contratos do Sector Público na súa redacción vixente ao tempo de celebrarse a licitación).

**Segundo.-** O apartado IX do Texto Refundido do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Condicións Técnicas do contrato dispuxo unha duración do contrato de 16 anos cos posibilidades de ata dúas prórrogas de dous (2) anos cada unha.

**Terceiro.-** Para decidir sobre a continuidade do contrato ou a convocatoria dunha nova licitación, tívose en conta o grao de desempeño do contratista sobre o conxunto das obrigas asumidas en virtude do contrato durante toda a duración do mesmo, a adecuación das prestacións obxecto do contrato respecto das necesidades actuais e nos vindeiros dous anos, e as propias circunstancias do mercado.

Especial importancia cobra aquí o feito do mantemento, coa prórroga, da mellora contida na oferta da concesionaria consistente na dispoñibilidade para o Concello a título gratuito de 2.434 m<sup>2</sup> adicionais de capacidade do depósito sobre a esixida na licitación, de 10.000 m<sup>2</sup>.

**Cuarto.-** A revisión de prezos do contrato ven establecida no apartado VII, 1 e 2 do Texto Refundido do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que estipula a súa revisión anual.

Na fórmula de revisión

$$\text{Prezo actualizado} = ((\text{Po} - \text{amortización})K + \text{amortización}) * T$$

o cálculo do factor K depende de variables a determinar unha vez iniciada a prórroga.

A última actualización de prezos do contrato foi a correspondente á decimo primeira anualidade, 2017-2018, por importe de 2.617.996,09 € en aplicación da fórmula contractual

$$\text{Prezo actualizado} = ((\text{Po} - \text{amortización})K + \text{amortización}) * T$$

De aquí dedúcese,

$$K = 0,6079(1,3874) + 0,0371(55,1/51,6) + 0,3549(1,181)$$

$$K = 1,3021$$

$$(1.477.781,03 - 37.672 - 180.063,00) * 1,3021 = 1.640.705,94 \text{ €}$$

$$(1.640.705,94 + 526.005 - 3.077,81) * 1,21 = 2.617.996,09 \text{ €}$$

$$2.617.996,09 / 12 = 218.166,34 \text{ €/mes}$$



## Concello de Vigo

**Quinto.-** O prezo do contrato para a prórroga determinase tamén pola citada fórmula, desde o primeiro día da prórroga, pero descontando dos elementos afectos ao contrato o importe dos que xa estivesen totalmente amortizados (cláusula IX, 2 do Texto Refundido do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares).

Conforme á oferta presentada polo contratista, o depósito, elemento principal do inmovilizado, queda amortizado con efectos do 31 de marzo de 2023.

Na citada data quedan pendentes de amortización catro (4) anos das cinco (5) grúas incorporadas ao servizo como reinversión o décimo terceiro ano do contrato (2019-2020), por importe de 113.049,93 euros.

Queda así mesmo pendente de amortización o valor neto contable do equipo informático renovado no décimo sexto (último) ano do contrato por importe de 6.667,87 €.

É dicir, no último ano do contrato (2022-2023) quedan amortizados 7.381.021 €, e pendentes de amortización 119.717,80 € nos dous anos da prórroga (59.858,90 €/ano).

Respecto da tabla de amortizacións da oferta (121.591,85 €), apreciase unha diferenza negativa no valor neto contable pendente de amortización de -1.874,05 €, que se explica polo erro en que incorre a tabla de amortizacións no oitavo ano (524.131 € en vez de 526.005,47 euros).

Dado que no expediente 10.092/111 de execución da Sentenza 218/2014 (P.O. 123/2013, P.E.D 57/2016) SETEX solicitou e obtivo a revisión do prezo do contrato para a oitava anualidade (abril 14-marzo 15) engadindo como importe da amortización o de 524.131 €, tratase dun acto firme e consentido.

**Sexto.-** O prezo do contrato para a primeira prórroga é en cada anualidade o que sigue:

$$(1.477.781,03 - 37.672 - 180.063,00) \times k = 1.260.046,03 \times k =$$

$$k = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro) = 0,6079 (1,3874) + 0,0371 (55,1/51,6=1,0678) + 0,3549 (1,181) = 1,3021$$

$$1.260.046,03 \times 1,3021 = 1.640.705,94 \text{ €}$$

$$1.640.705,94 + 59.858,90 = 1.700.564,84 \text{ €}$$

$$1.700.564,84 \text{ €} \times 21\% = 2.057.683,45 \text{ €}$$

$$\text{MENSUALIDAD: } 2.057.683,45 / 12 = 171.473,62 \text{ €}$$

**Sétimo.-** Na aplicación orzamentaria 1330 2279901, Contrato de retirada e custodia de vehículos, existe crédito adecuado e suficiente.

**Oitavo.-** A competencia para autorizar o inicio da prórroga corresponde á Concellería delegada de Seguridade, Xestión Municipal e Contratación (Apartado Segundo, 3, do Texto

Consolidado de delegacións da Xunta de Goberno Local aprobado por Acordo adoptado en sesión ordinaria de 12 de marzo de 2021).

En mérito de canto antecede, en uso das atribucións que legalmente me corresponden como responsable do contrato de xestión do servizo público de inmovilización, retirada, depósito e xestión do cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública adxudicado á mercantil SETEX APARKI, S.A. por acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de xaneiro de 2007 (Expte: 70443/210), veño en propoñer á Concelleira delegada de Seguridade, Xestión Municipal e Contratación que previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

## **ACORDO**

1º.- Autorizar a primeira prórroga do contrato de concesión para a xestión do servizo de inmovilización, retirada, depósito, custodia e cobro dos vehículos indebidamente estacionados en vía pública adxudicado por Acordo da Xunta de Goberno Local de 08/01/2007 (Expte: 70443/210).

A prórroga comezará o 01 de abril de 2023 e rematará o 31 de marzo de 2025.

2º.- O prezo para a prórroga do contrato queda establecido en

Anualidade abril 2023- marzo 2024: 2.057.683,45 €

Anualidade abril 2024- marzo 2025: 2.057.683,45 €

3º.- Ordenar que polo responsable do contrato se inicie o primeiro día hábil do vindeiro mes de abril en que se inicia a prórroga, expediente de revisión e actualización do prezo do contrato conforme ao establecido no Texto Refundido do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado por Acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de marzo de 2005.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(219).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL 2023. EXPTE. 19968/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 30/03/2023, dáse conta do informe-proposta de 30/03/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local e a concelleira-delegada de Emprego, que di o seguinte:

#### **I. ANTECEDENTES**





## Concello de Vigo

A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "*Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2023*" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Tenencia de Alcaldía e Concellería delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego pon en marcha o presente programa de activación do emprego, concretado na realización de contratos de duración determinada en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "*integrados no seu cadro de persoal*".

Este programa de emprego non ten por obxecto constituír unha vía de acceso a postos de traballo, prazas e funcións propias do persoal da administración pública nin substituílo, ao tratarse dunha iniciativa onde a oferta das ocupacións responde directamente á realización dun programa de obras, actuacións e formacións concretadas previamente pola Xunta de Goberno Local e cunha duración determinada máxima de 6 meses da convocatoria anual, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo neste programa estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do dito Plan así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado Plan; dotando ao programa dunha substantividade propia, dunha estrutura totalmente definida, concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todas as persoas traballadoras beneficiarias contratadas.

As graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada pola COVID-19 obriga a potenciar ao máximo os recursos do Concello de Vigo, para continuar na posta en marcha de medidas e plans de acción directa que potencien e consoliden

a tendencia na recuperación do emprego, apostando, por programas que faciliten a formación e a adquisición de experiencia, habilidades, coñecementos e actitudes profesionais.

Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello. Con este programa, perséguese ampliar a oferta formativa teórica, complementándoa co traballo en obra, e así dotar de experiencia práctica á formación, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías, a especialización e a mellora da profesionalidade dos participantes.

## **II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:**

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b) desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste eido cómpre destacar que en expte. núm. 19919/77 consta remitido en data 15/02/2023 oficio (xunto cas bases reguladoras da presente convocatoria) dirixido á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, de solicitude de informe dacordo co establecido no artigo 7.4 LRBRL, sobre a utilización do contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no Plan Municipal de Emprego 2023 do Concello de Vigo, por canto requiriría a súa consideración como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

Con data 28/03/2023 (e data de recepción do 29/03/2023) a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego 2023 do Concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente, dacordo co sinalado no informe-proposta do subdirector xeral de Réxime Xurídico Local: *“Dado que non se aprecia que se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público coa Administración Autonómica e sempre que se cumpran as condicións de exercicio previstas e comunicadas, e a normativa aplicable en canto estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda.”*

## **III. BASES REGULADORAS:**

As Bases reguladoras do programa establecen que as ocupacións a contratar estean relacionados coas seguintes profesións:

<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>Oficial carpintería de aluminio</i>	<i>Oficial fontanería</i>
--------------------------------	--	---------------------------



## Concello de Vigo

<i>Técnico Auxiliar de PRL</i>	<i>Oficial carpintería de madeira</i>	<i>Oficial mecánico de maquinaria</i>
<i>Capataz construción</i>	<i>Oficial carpintería metálica</i>	<i>Oficial pintura</i>
<i>Oficial albanelería</i>	<i>Oficial condutor</i>	<i>Oficial xardinería-forestal</i>
<i>Oficial electricidade</i>	<i>Peóns xardinería- forestal</i>	<i>Peóns construción</i>
<i>Delineante</i>		

A **Base 4ª DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN** establece que os contratos terán unha duración máxima de 6 meses que coincidirá ca duración da convocatoria anual para o presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio plan.

Estímase oportuna a modalidade de **contrato de duración determinada** (Artigo 1 do Capítulo 1 do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano), **a xornada completa, na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral (código 405)** cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, que se considere oportuno en base á lexislación vixente dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

Así mesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2023 para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

Ao abeiro das modificacións introducidas polo art. 1.3 do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo - redactado conforme á corrección de erros publicada en BOE núm. 16, de 19 de xaneiro de 2022 (con entrada en vigor o 30 de marzo de 2022 (D.F. 8.2.b) do citado Real Decreto-lei) – as administracións públicas poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos no texto refundido da Lei de Emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses (Disposición Final segunda).

E A este respecto, cómpre indicar que con data 28/03/2023 a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego 2023 do Concello de Vigo, extractando parte do informe emitido pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social de data 23 de marzo de 2023 no que sinala que: "(...) *non existe incompatibilidade PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL 2023 do concello de Vigo, por tratarse dunha medida municipal de fomento do emprego e a súa concesión deberá axustarse aos criterios obxectivos que recollen as bases reguladoras das axudas,....(...)*". E sinala tamén que: "(...), *dado que as políticas activas da Xunta de Galicia se modifican cada ano en coordinación co SEPE e demais servizos públicos das CCAA a través do Programa Anual de Fomento do Emprego Digno, o presente informe se emite unicamente para a liña de axuda que convoke para este ano 2023 o Concello de Vigo, debendo ser novamente informadas as liñas*

*de axuda ou convocatorias sucesivas, para comprobar a compatibilidade coas que ese ano teña previsto a Xunta de Galicia..”.*

As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego”, que se atope en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no **Capítulo 1, artigo 1.3** do acordo marco de referencia (beneficiarios/as), que quedarán recollidas nos respectivos contratos.

#### **- Base 7ª. FORMACIÓN:**

O artigo 2º do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, establece a necesidade, *en todos os casos, de desenvolver complementariamente á realización das funcións propias de cada contrato (nos casos nos que non estea considerado), unha acción formativa intensa, tanto en competencias profesionais das persoas participantes, como en competencias persoais, dúas das facetas determinantes no referido ás condicións de ocupabilidade das persoas. Como mínimo dedicarase o 15% do tempo do contrato a formación. Dependendo das características de cada programa/proxecto, e dentro das súas posibilidades, tenderase a concentrar a formación nun día á semana.*

A modalidade de contrato de duración determinada reflectida na Base Cuarta para desenvolver as actuacións previstas neste plan **non é un contrato formativo** dos contemplados pola vixente lexislación laboral (artigo 11 ET), senón un contrato para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio acoutadas por un período máximo de 6 meses; o que obriga a adicar *o 15% do tempo do contrato a formación, tanto en competencias profesionais como en competencias persoais*, aos efectos de dar estricto cumprimento ao establecido no artigo 2 do referido Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007.

A este respecto, a carga formativa do programa articularase dentro do horario laboral complementándoa co traballo en obra, e adaptarase ás necesidades do entorno e do mercado laboral propio da cidade de Vigo e da súa Área Metropolitana, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías e a especialización, estimando desenvolver a seguinte oferta formativa prevista:



## Concello de Vigo

PLAN FORMATIVO	Nº HORAS ESTIMADAS	TEMÁTICA	ESPECIALIDADE
<i>Nivel básico de prevención de riscos laborais</i>	60	Iniciais	PRL
<i>PRL para traballos no sector da construción</i>	6		
<i>PRL específico para xardinería</i>	6		
<i>PRL específico para albanelería</i>	8		
<i>Riscos e medidas preventivas asociadas ao manexo de grúa autocargante</i>	5		
<i>Seguridade e manexo de plataformas elevadoras e camión portacontedores</i>	5		
<i>Primeiros auxilios</i>	20		
<i>Manexo seguro de maquinaria de construción</i>	5		
<i>Plataformas elevadoras</i>	2		
<i>Montaxe de andamio Tubular</i>	10		
<i>Diagnose e reparación de humidades en obras de rehabilitación.</i>	21	Especialización Técnica	Construción
<i>Aillamentos para a rehabilitación.</i>	28		
<i>Instalador de falsos teitos, trasdosados e tabiques de placa de seixo laminado.</i>	28		
<i>Xestión de equipos e organización do traballo en obras de construción</i>	14		
<i>Operacións básicas de soldaxe aplicadas en procesos de mantemento industrial</i>	28		
<i>Pintura decorativa en construción</i>	21		
<i>Materiais e técnicas construtivas en rehabilitación. Madeira</i>	21		
<i>Operacións de fontanería e calefacción- climatización doméstica</i>	21		
<i>Instalacións solares fotovoltaicas</i>	28		
<i>Xornada orientación laboral e busca de emprego nas redes sociais.</i>	10	Orientación Sensibilización	Comúns
<i>Igualdade de oportunidades</i>	10		
<i>Tramitación e administración dixital</i>	10		
<i>Habilidades Sociais</i>	5		
<i>Sensibilización Ambiental</i>	10		
<i>Planificación e deseño de xardíns (paisaxismo)</i>	14	Especialización técnica	Xardinería
<i>Aplicador de produtos fito-sanitarios e biocidas</i>	25		
<i>Podas ornamentais e podas forestais</i>	7		
<i>Tratamento de restos e residuos forestais e vexetais, reciclaxe</i>	21		
<i>Tratamento e erradicación de especies invasoras</i>	14		
<i>Procesamento dos restos vexetais e produción de biomasa</i>	21		

realización das probas: escrita e práctica.

- **Proba Escrita (máximo 2 puntos)**

A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas, e deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo. Valoraranse aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vinculados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.

Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.

Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións que se acaden, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima); consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.

As persoas candidatas cunha cualificación de "NSNM", serán excluídas do proceso de selección.

- **Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas das categorías profesionais das ocupacións ofertadas. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do Plan Municipal de Emprego e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios: as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñaranse dacordo a profesión e as tarefas máis comúns que se teñen previsto desenvolver conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

- Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase que “NSNM” e a persoa quedará excluída do proceso de selección.

- Unha vez rematada a proba práctica publicaranse as notas e procederase á **fase de baremación** dos candidatos pola Comisión de selección, coa asistencia do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

#### IV. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :

No exercicio 2023 tense dado trámite á actualización das retribucións incluídas nas táboas salariais do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, mediante acordo adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 23 de febreiro 2023 (en expte 19925/77) publicada no BOP PO núm. 41, do 28 de febreiro de 2023; derivadas das actualizacións que resultan de aplicación por "Resolución de 24 de outubro de 2022, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 1,5 por ciento previsto en el artículo 23 del Real Decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre, por el que se aprueban medidas de refuerzo de la protección de los consumidores de energía y de contribución a la reducción del consumo de gas natural en aplicación del "Plan + seguridad para tu energía (+SE)", así como medidas en materia de retribuciones del personal al servicio del sector público y de protección de las personas trabajadoras agrarias.", da "Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023" e do "Real Decreto 99/2023, de 14 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2023", para establecer os salarios correspondentes a este ano 2023, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores:



## Concello de Vigo

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Licenciado	1.951,76	325,29	2.277,05	2.277,05	84/a	33,10	753,70	3.030,75
Diplomado	1.665,19	277,53	1.942,72	1.942,72	84/a	33,10	643,04	2.585,76
Xefe administrativo	1.328,23	221,37	1.549,60	1.549,60	84/a	33,10	512,92	2.062,52
Delineante	1.328,23	221,37	1.549,60	1.549,60	84/-	33,25	515,24	2.064,84
Técnico Auxiliar PRL	1.328,23	221,37	1.549,60	1.549,60	84/-	33,25	515,24	2.064,84
Capataz-construción.	1.328,23	221,37	1.549,60	1.549,60	84/d	38,30	593,50	2.143,10
Auxiliar topógrafo	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/-	33,25	438,69	1.758,06
Oficial albanel	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial carpintaría metálica.	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial carpintería aluminio	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial carpintería madeira	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial conducción	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/f	38,30	505,32	1.824,69
Oficial desinfección	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/g	35,20	464,42	1.783,79
Oficial electricista	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial fontaneiro	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial mecánica automoción	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial pintor	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/d	38,30	505,32	1.824,69
Oficial xardinaria	1.130,89	188,48	1.319,37	1.319,37	84/g	35,20	464,42	1.783,79
Auxiliar administrativo	1.080,00	180,00	1.260,00	1.260,00	84/a	33,10	417,06	1.677,06
Peón construción	1.080,00	180,00	1.260,00	1.260,00	84/d	38,30	482,58	1.742,58
Peón xardinaria-forestal.	1.080,00	180,0000	1.260,0000	1.260,0000	84/g	35,20	443,5200	1.703,5200

Con carácter previo a adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Área de RRHH e Formación e da Intervención Xeral do Concello.

## VI. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes da área de RRHH e da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidentencia do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro

de 2020, modificado o 8 de setembro de 2022, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

- 1. Aprobar as bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, VIGO EMPREGA 2023 que se achegan no anexo I.**
- 2. Proceder á publicación das bases de selección no Boletín Oficial da Provincia e Pontevedra, no taboleiro de anuncios, na web municipal e no portal de transparencia, para xeral coñecemento. Publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia da publicación das bases no BOPPO.**

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Na data sinatura dixital

A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 11/04/2022)

Carla Candia Paz

CONFORME:

A Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía,  
Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego  
(RA de delegación de competencias do 06/09/2022)

Elena Espinosa Mangana





**Concello de Vigo**

**ANEXO I**

**BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, VIGO EMPREGA 2023**

A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego pertencente á área de goberno de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "*Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2023*" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Tenencia de Alcaldía e Concellería delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, pon en marcha este plan, concretado na realización de contratos de duración determinada en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "*integrados no seu cadro de persoal*".

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo neste programa de emprego estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do dito Plan así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado Plan; dotando ao programa dunha substantividade propia, dunha estrutura totalmente definida, concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todas as persoas traballadoras beneficiarias contratadas.

Este programa de emprego non ten por obxecto constituír unha vía de acceso a postos de traballo, prazas e funcións propias do persoal da administración pública nin substituílo, ao tratarse dunha iniciativa onde a oferta das ocupacións responde directamente á realización dun programa de obras, actuacións e formacións concretadas previamente pola Xunta de Goberno Local e cunha duración determinada máxima de 6 meses da convocatoria anual, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

## **2. OBXECTO**

O PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL é un plan de acción directa, concretado na realización de contratos de duración determinada (máximo 6 meses) que resulten necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

As actuacións a desenvolver atenden ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais e que non se incardinan dentro dos servizos municipais ordinarios que ven proporcionando a administración municipal, senón en actuacións de mellora e rexeneración da contorna urbana.

## **3. OCUPACIÓNS BÁSICAS.**

As contratacións no marco do Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral efectuaranse no desenvolvemento das seguintes profesións: peóns, oficiais, capataces, e persoal técnico e administrativo, todos eles, beneficiarios/as. O número de beneficiarios/as a seleccionar determinarase no momento da publicación da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación pola Intervención Municipal para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, nas seguintes categorías ou grupos profesionais:



## Concello de Vigo

<i>Peóns construción</i>	<i>Oficial carpintería de madeira</i>	<i>Oficial mecánico mantemento maquinaria</i>
<i>Peóns xardinería-forestal</i>	<i>Oficial carpintería metálica</i>	<i>Oficial carpintería de aluminio</i>
<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>Oficial condutor</i>	<i>Oficial xardinería-forestal</i>
<i>Técnico PRL</i>	<i>Oficial pintura</i>	<i>Oficial fontanería</i>
<i>Capataz construción</i>	<i>Oficial electricidade</i>	<i>Oficial albanelería</i>
<i>Delineante</i>		

#### 4. DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓNS.

O Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2023 é un instrumento elaborado para a realización de contratos de duración determinada (máximo 6 meses) que resulten necesarios para a execución de obras de interese municipal creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

##### 4.1. Duración.-

- Como **máximo 6 meses**, coincidindo coa duración da convocatoria anual para o presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio plan.
- As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do plan, debendo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.
- Establécese un período de proba con carácter xeral para as persoas contratadas dun mes.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitos, en todo caso e, respecto de calquera outra incidencia da relación laboral que se considere oportuno engadir en base á lexislación vixente, dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

##### 4.2. Modalidade.-

Estímase oportuna a modalidade de **contrato de duración determinada** (artigo 1º Acordo Marco), **a xornada completa**, na modalidade de **contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral (código 405)** que se xunta ás presente bases reguladoras, cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, que se considere oportuno en base á lexislación vixente dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral. Así mesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do **Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2023** para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

#### **4.3. Retribucións.-**

▪As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego, segundo as táboas salariais que se atopen en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as), que quedarán recollidas nos respectivos contratos; resultando ditas retribucións diferenciadas do persoal do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio, que dispón dunha estrutura salarial dotada cos complementos (CE e CD) ligados á valoración dos postos.

▪As táboas salariais poden ter un incremento salarial en base ás actualizacións que teñan lugar no mencionado Acordo marco de referencia e cas actualizacións que sexan de aplicación do Salario Mínimo Interprofesional.

▪As vixentes retribucións por categoría profesional do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego, actualizadas cos incrementos salariais efectuados en 2023, son as seguintes:

<b>Categoría</b>	<b>Importe bruto mes</b>
Delineante	1.549,60
Tecnico Aux. PRL	1.549,60
Capataz-Construción	1.549,60



## Concello de Vigo

Oficiais (albanel, electricista, fontaneiro, pintor, xardinería, mecánica máquinaria, condución) de Carpintería (aluminio, metálica, madeira)	1.319,37
Peóns (xardinería e construción)	1.260,00
Auxiliar administrativo	1.260,00

### 5. REQUISITOS BÁSICOS

1. Ter 18 anos cumpridos e capacidade legal para ser contratado/a de conformidade coa lexislación vixente. Non poderán ser contratadas persoas que superen a idade legal de xubilación establecida con carácter xeral.
2. Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais na ocupación solicitada. Sendo obrigatorio polas persoas candidatas a comunicación expresa das limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das ditas tarefas propias e habituais do posto de traballo ao que se presenta.
3. Estar desempregada/o e inscrito/a como demandante de emprego nalgunha das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, na data de solicitude de candidatos ao SPEG. Non se admitirán situacións de mellora de emprego.
4. Estar empadroadado/a no Concello de Vigo, cando menos 12 meses antes da solicitude de candidatos/as ao Servizo Público de Emprego de Galicia.
5. Non ter sido contratado/a por este Concello con data fin de contrato, cando menos 12 meses antes da solicitude de candidatos/as ao Servizo Público de Emprego de Galicia, en ningún dos seguintes programas: VIGO EMPREGA, Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, Programas de Cooperación Xunta-Entidades Locais, Plan Municipal de Emprego, ou cun contrato temporal ou de interinidade.
6. Non ter sido sancionado e/ou aberto expediente disciplinario como traballador deste concello en calquera dos programas recollidos no parágrafo anterior ou en calquera outra relación contractual co Concello de Vigo, por ter incorrido en falta grave ou moi grave, sendo resultado da apertura dalgún expediente de carácter disciplinario, ou ter incorrido en faltas leves de maneira reiterada.
7. Non poderán participar na mesma convocatoria do Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral dúas persoas pertencentes á mesma unidade de convivencia

familiar, ben sexan por consanguinidade ou afinidade ata un segundo grao e/ou teñan relación conxugal ou como parella de feito.

8. As persoas estranxeiras non comunitarias deben ter permiso de traballo en vigor, temporal ou permanente en regra, que autorice a traballar, na data da convocatoria, e mantendo esta situación ata o momento da contratación.
9. Presentar a documentación completa e en regra, requirida polo Programa e polo SPEG no prazo establecido na convocatoria. O incumprimento dos prazos implicará a exclusión automática do proceso de selección.

## 6. REQUISITOS ESPECÍFICOS

OCUPACIÓN	REQUISITOS	<b>CATEGORÍA segundo Acordo Marco do Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo (beneficiarios)</b>
<b>Auxiliar administrativo/a</b>	Diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
<b>Técnico de Prevención de Riscos Laborais</b>	Diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: Técnico de Prevención de Riscos Laborais.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
<b>Delineante</b>	Diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
<b>Capataces</b>	Posuír a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de capataz no oficio correspondente. Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará será do grupo de cotización 6 segundo establece o Informe de Vida Laboral e que ademais figure como capataz ou encargado segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)



## Concello de Vigo

OCUPACIÓN	REQUISITOS	CATEGORÍA segundo Acordo Marco do Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo (beneficiarios)
<b>Oficiais de oficios (nas especialidades que se indican no apartado 3º destas bases)</b>	Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais. Ter a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial no oficio ao que opta. Valorarase a formación recibida. Experiencia mínima de 1 ano na mesma ocupación e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª, segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
<b>Oficiais de condución</b>	Os condutores deberán estar en posesión de tódolos permisos Profesionais e de conducir, obrigatoriamente B, C, D, E, actualizados e en vigor. Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais. Experiencia mínima de 2 anos como condutor de vehículos. A categoría mínima que se valorará será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
<b>Peóns/oas</b>	Non é necesaria cualificación previa no tipo de traballo a desenvolver	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)

### 7. FORMACIÓN

O artigo 2º do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, establece a necesidade, *en todos os casos, de desenvolver complementariamente á realización das funcións propias de cada contrato (nos casos nos que non estea considerado), unha acción formativa intensa, tanto en competencias profesionais das persoas participantes, como en competencias persoais, dúas das facetas determinantes no referido ás condicións de ocupabilidade das persoas. Como mínimo dedicarase o 15% do tempo do contrato a formación.*

*Dependendo das características de cada programa/proxecto, e dentro das súas posibilidades, tenderase a concentrar a formación nun día á semana.*

A modalidade de contrato de duración determinada reflectida na Base Cuarta para desenvolver as actuacións previstas neste plan **non é un contrato formativo** dos contemplados pola vixente lexislación laboral (artigo 11 ET), senón un contrato para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal e acoutadas por un período máximo de 6 meses; o que obriga a adicar *o 15% do tempo do contrato a formación, tanto en competencias profesionais como en competencias persoais*, aos efectos de dar estrito cumprimento ao establecido no artigo 2 do referido Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007.

A este respecto, a carga formativa do programa articularase dentro do horario laboral complementándoa co traballo en obra, e adaptarase ás necesidades do entorno e do mercado laboral propio da cidade de Vigo e da súa Área Metropolitana, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías e a especialización, estimando desenvolver a seguinte oferta formativa prevista:





## Concello de Vigo

PLAN FORMATIVO	Nº HORAS ESTIMADAS	TEMÁTICA	ESPECIALIDADE
<i>Nivel básico de prevención de riscos laborais</i>	60	Iniciais	PRL
<i>PRL para traballos no sector da construción</i>	6		
<i>PRL específico para xardinería</i>	6		
<i>PRL específico para albanelería</i>	8		
<i>Riscos e medidas preventivas asociadas ao manexo de grúa autocargante</i>	5		
<i>Seguridade e manexo de plataformas elevadoras e camión portacontedores</i>	5		
<i>Primeiros auxilios</i>	20		
<i>Manexo seguro de maquinaria de construción</i>	5		
<i>Plataformas elevadoras</i>	2		
<i>Montaxe de andamio Tubular</i>	10		
<i>Diagnose e reparación de humidades en obras de rehabilitación.</i>	21	Especialización Técnica	Construción
<i>Aillamentos para a rehabilitación.</i>	28		
<i>Instalador de falsos teitos, trasdosados e tabiques de placa de seixo laminado.</i>	28		
<i>Xestión de equipos e organización do traballo en obras de construción</i>	14		
<i>Operacións básicas de soldaxe aplicadas en procesos de mantemento industrial</i>	28		
<i>Pintura decorativa en construción</i>	21		
<i>Materiais e técnicas construtivas en rehabilitación. Madeira</i>	21		
<i>Operacións de fontanería e calefacción- climatización doméstica</i>	21		
<i>Instalacións solares fotovoltaicas</i>	28		
<i>Xornada orientación laboral e busca de emprego nas redes sociais.</i>	10	Orientación Sensibilización	Comúns
<i>Igualdade de oportunidades</i>	10		
<i>Tramitación e administración dixital</i>	10		
<i>Habilidades Sociais</i>	5		
<i>Sensibilización Ambiental</i>	10		
<i>Planificación e deseño de xardíns (paisaxismo)</i>	14	Especialización técnica	Xardinería
<i>Aplicador de produtos fito-sanitarios e biocidas</i>	25		
<i>Podas ornamentais e podas forestais</i>	7		
<i>Tratamento de restos e residuos forestais e vexetais, reciclaxe</i>	21		
<i>Tratamento e erradicación de especies invasoras</i>	14		
<i>Procesamento dos restos vexetais e produción de biomasa</i>	21		

recollidas nas bases mediante a remisión da correspondente Oferta de Emprego, facendo referencia ás características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ás categorías profesionais das ocupacións ofertadas. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.

No caso de que, as oficinas de emprego do SPEG en Vigo, non remitan candidatos suficientes para as categorías profesionais das ocupacións ofertadas, solicitarase ás oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas, coa finalidade de acadar o número de persoas candidatas para realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito.

3. Posteriormente, procederá á comprobación da documentación requirida e o cumprimento de requisitos básicos. As persoas que non cumpran o perfil definido nestas bases serán inadmitidos e non accederán ao proceso selectivo.

De non obter candidatos suficientes, este Concello poderá recorrer a recursos municipais propios, ampliando tamén a busca de candidatos aos usuarios inscritos no Servizo de

Orientación Laboral (SOL) do Concello de Vigo, e sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nestas bases de convocatoria.

4. Unha vez publicada a relación de persoas candidatas admitidas procederáse á realización das probas: escrita e práctica.

#### **5. Proba Escrita (máximo 2 puntos)**

A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas, e deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo. Valoraranse aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vinculados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.

Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.

Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións que se acaden, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima); consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.

As persoas candidatas cunha cualificación de "NSNM", serán excluídas do proceso de selección.

#### **6. Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas das categorías profesionais das ocupacións ofertadas. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do Plan Municipal de Emprego e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios: as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñaranse dacordo a profesión e as tarefas máis comúns que se teñen previsto desenvolver conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

- Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en obras públicas, xardinería ou limpeza.



## Concello de Vigo

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase que “NSNM” e a persoa quedará excluída do proceso de selección.

7. Unha vez rematada a proba práctica publicaranse as notas e procederase á **fase de baremación** dos candidatos pola Comisión de selección, coa asistencia do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

### 9. VALORACIÓN DE CANDIDATOS/AS A BENEFICIARIOS/AS

Dada a natureza e especiais características do Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, o procedemento de selección terá en conta, os diferentes colectivos entre os que se seleccionarán ás persoas candidatas; concretamente:

#### **9.1. Tentarase unha distribución que permita cando menos a presenza nos postos de peóns de:**

**9.1.1: 3%** persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que poidan desempeñar as tarefas propias da ocupación, profesión ou oficio.

**9.1.2: 22%** persoas menores ou iguais a 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.

**9.1.3: 30%** mulleres.

**9.1.4: 25%** persoas entre 31 e 45 anos \*DLD.

**9.1.5: 20%** persoas maiores de 45 anos \*DLD.

*\*DLD: Levar un mínimo de 1 ano inscrito ininterrompidamente como demandante de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, contando dende a data de solicitude de candidatos nas oficinas do SPEG e non superar, neses doce meses anteriores, máis de 90 días traballados.*

**9.1.6: O persoal administrativo e técnico beneficiario** será seleccionado entre candidatos remitidos polo SPEG que pertencen ao colectivo de persoas menores ou iguais a 30 anos en busca do seu primeiro emprego.

**9.2. Baremaranse os colectivos para o posto de Peón segundo o seguinte cadro:**

COLECTIVO	PUNTUACIÓN
Persoa discapacitada	1
Muller	1
Xente moza menor ou igual a 30 anos.	1
Persoas entre 31 e 45 anos DLD.	0,5
Maior de 45 anos DLD	0,5

- *Aplicaranse as puntuacións da táboa anterior en función do colectivo polo que foron preseleccionados na oficina do SPEG de Vigo, e aplicaráselles, se é o caso, un 0,20 puntos por cada requisito que cumpran dos segundos ou subseguintes colectivos.*

**9.3. Valoración da experiencia laboral e formación dos capataces e oficiais.**

O Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral necesita incorporar un número de profesionais con experiencia profesional e con certas habilidades formativas nos oficios relacionados coa construción e os servizos.

Deste xeito, valorarase a experiencia laboral e formación directamente relacionados coa actividade a desenvolver dos capataces e oficiais nos termos que se indican a continuación:

- Experiencia laboral: 0,1 puntos/mes que exceda do mínimo esixido (máximo 5 puntos)
- Formación: (máximo 3 puntos)

*(só se puntuará cada curso unha vez, aínda que se repetise en varias ocasións ou se realizase con diferentes entidades)*

**Relacionada co posto (recibida ou impartida):**

Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10
Por cada curso de entre 50 e 99 horas	0,20
Por cada curso de entre 100 e 199 horas	0,30
Por cada curso igual ou superior a 200 horas	0,40

**Relacionada coa Prevención de Riscos Laborais**

Curso básico de Prevención de entre 0 e 30 horas	0,20
Curso de Prevención de entre 31 e 50 horas	0,40
Curso de Prevención de máis 50 horas	0,60

**Relacionado directamente coa especialidade:**

Tarxetas ou carnets profesionais	0,50
----------------------------------	------



**Concello de Vigo**

## **10. FINALIZACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN E LISTAXES DE SUBSTITUCIÓN.**

Realizada a baremación dos candidados, procederase á publicación das listaxes cas puntuacións totais acadadas polos beneficiarios a contratar, xunto ca listaxe de suplentes.

Establécense coma criterios de desempate das puntuacións totais acadadas, os seguintes:

1º.- Maior puntuación obtida na proba práctica.

2º.- Orde alfabética do primeiro apelido

As persoas candidatas que non fosen contratadas e tivesen superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser contratados para substitucións ou renuncias doutros/as traballadores/as para este programa de emprego e para ocupacións de igual categoría e cualificación.

## **11. PERSOAS CANDIDATAS CON DISCAPACIDADE**

As persoas candidatas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (acreditado mediante certificación emitida polas entidades competentes) deberán achegar con carácter previo á contratación, o informe de compatibilidade do EVO onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver na ocupación profesional á que se presenta.

De resultar necesario, e coa finalidade de axilizar os trámites, poderase autorizar aos responsables do programa para solicitar ás oficinas do EVO as certificacións necesarias das persoas seleccionadas.

Sen a presentación do informe, non poderán ser contratados para a participación neste programa.

En todo caso, as persoas candidatas, terán a obriga de informar expresamente do seu estado biolóxico se teñen discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou cando se atopen en situacións transitorias, que non sexan compatibles coas exigencias psicofísicas das respectivas ocupacións profesionais ás que optan.

No caso de enfermidades crónicas, lesións ou problemas de saúde, as persoas candidatas, terán a obriga de informar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, no momento da achega da documentación previa ao proceso de selección, e en todo caso, deberán presentar certificación médica que acredite o estado biolóxico compatible da persoa candidata coas tarefas e funcións a desenvolver na categoría ou grupo profesional da ocupación á que se presenta.

## **12. COMISIÓN DE SELECCIÓN**

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, do Real Decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

### **Composición:**

- A Xefatura do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e no caso da creación de máis dunha comisión, funcionario/a ou laboral fixo relacionado coas ocupacións obxecto da convocatoria
- Un/ha funcionario/a do Concello de Vigo que actuará como Secretaria/o.
- Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do TREBEP.

A/O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán propostos polo/a Tenencia de Alcaldía e Concellería delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego xunto cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior á do grupo ou categoría profesional da ocupación ofertada, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto



## Concello de Vigo

Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que estime necesario. Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas á Concellería de Emprego, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

### **13. OUTRA INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS CANDIDATAS.**

· A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente aos aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, (ademais do estipulado no aptdo. 4 dunha duración temporal dun máximo de 6 meses), ás limitacións legais establecidas no art. 15.5 do Estatuto dos Traballadores, modificado polo art. 1.3 do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo - redactado conforme á corrección de erros publicada en BOE núm. 16, de 19 de xaneiro de 2022, vixente dende o 30 de marzo de 2022 (D.F. 8.2.b) do citado Real Decreto-lei, que refire a persoas traballadoras que nun período de vinte e catro meses tivesen estado contratadas durante un prazo superior a dezoito meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo ca mesma empresa ou grupo de empresas, mediante dous ou máis contratos por circunstancias da produción, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola xefatura do servizo que corresponda, sobre dito cumprimento dos aspirantes seleccionados, e ademais ao disposto no Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo e demais lexislación de aplicación, formalizándose o contrato só ás persoas aspirantes seleccionadas que cumpran cos requisitos expostos, circunstancia da que se informa aos/as aspirantes.

---

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(220).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2023. EXPTE. 19969/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 30/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 29/03/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local e a concelleira-delegada de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

##### **I. Obxecto:**

Dende a unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego pertencente á área de goberno de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, procédese á tramitación da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **dende 1 de agosto de 2022 ata o 31 de xullo de 2023**.

Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. Con esta medida preténdese reducir a porcentaxe de desempregados/as na cidade mediante a contratación do maior número de postos de traballo a través da colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento ás persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

##### **II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.





## Concello de Vigo

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste eido cómpre destacar que en expte. núm. 19919/77 consta remitido en data 15/02/2023 oficio (xunto cas bases reguladoras da presente convocatoria) dirixido á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, de solicitude de informe dacordo co establecido no artigo 7.4 LRBRL, sobre a utilización do contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no Plan Municipal de Emprego 2023 do Concello de Vigo, por canto requiriría a súa consideración como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

Con data 28/03/2023 (e data de recepción do 29/03/2023) a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego 2023 do Concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente, dacordo co sinalado no informe-proposta do subdirector xeral de Réxime Xurídico Local: *“Dado que non se aprecia que se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público coa Administración Autonómica e sempre que se cumpran as condicións de exercicio previstas e comunicadas, e a normativa aplicable en canto estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda.”*

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

### III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo:

- |                 |                                    |                            |
|-----------------|------------------------------------|----------------------------|
| ✓ Programa I:   | “Entidades veciñais e culturais”   | Epígrafes 10.1 e 10.5.     |
| ✓ Programa II:  | “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |
| ✓ Programa III: | “Organizacións sindicais”          | Epígrafes 5.1              |
| ✓ Programa IV:  | “Entidades empresariais”.          | Epígrafes 5.2              |
| ✓ Programa V:   | “Comunidades de Montes”.           | Epígrafe 10.7              |

✓ Programa VI: "Entidades deportivas"

Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2

#### **IV. Procedemento de concesión da subvención:**

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

#### **V. Tramitación:**

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Base 1ª: modifícase o período dos gastos subvencionables para permitir o financiamento daqueles nos que incorran as entidades beneficiarias, tras a finalización do período subvencionable da convocatoria do ano 2022 (31/07/2022) comprendendo, deste xeito, dende o 1 de agosto de 2022 ata o 31 de xullo de 2023.

- Base 2ª: actualízase ao 1 de xaneiro de 2022 a data límite de empadramento das persoas a contratar con cargo á presente convocatoria.

- Base 3ª: Se establece un período máximo subvencionado de 9 meses por cada posto de traballo solicitado. Se establecen as modalidades de contratación subvencionadas con cargo a esta convocatoria:

A. TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS

B. CONTRATACIÓN FIXA OU FIXA DESCONTINUA

C. MELLORA DA OCUPABILIDADE E INSERCIÓN LABORAL

Se exceptúa da obriga de realización do proceso de selección, para as contratacións de persoal formalizadas dentro da convocatoria do ano 2022 seguindo o procedemento da Base 13ª.1 que se mantiveran vixentes, sen interrupción, máis aló do 31/07/2022, isto é, unha vez finalizado o período de gastos subvencionables naquela convocatoria.

O gasto subvencionable, será como máximo o 20 % dos custes salariais e de seguridade social do/a traballador/a a cargo da entidade.

- Base 9: no caso de solicitar subvención para gastos de persoal derivados de contratos formalizados na anterior convocatoria deberá facerse constar en documento adxunto á solicitude de subvención, indicando o nome, apelidos e DNI do/as traballador/as, posto/s de traballo, número meses contratados, e as datas de publicación da oferta, de formalización do/s contrato/s e, de selo caso, de finalización do/s mesmo/s, e sen prexuízo da obriga de reflectir os datos correspondentes no Anexo V.

A certificación do/a secretario/a deberá indicar, tamén, o número de socios.

- Na base 10ª, se engade o criterio de valoración "Representatividade da entidade" (ata 2 puntos) distribuíndose a puntuación en función do número de socios indicados no certificado ao que fai referencia o parágrafo anterior.

- Base 13.3.1ª: o ámbito temporal ao que deberá circunscribirse o cumprimento do requisito da demanda de emprego, se establece dende a data de publicación da oferta da entidade e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de currículums.



## Concello de Vigo

- Anexo III: na declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas se engadiu o inciso “*para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade*”.

### **VI. Normativa de aplicación:**

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se probe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **VII. Contía total e crédito orzamentario:**

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2023 do Concello de Vigo é de **1.140.000,00 €** (un millón cento corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos entre os distintos programas de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

### **VIII. Publicidade:**

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

#### **IX. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos da Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 6 de setembro de 2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Aprobar o gasto por importe de 1.140.000,00 € (un millón cento corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.

**SEGUNDO:** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” correspondentes ao ano 2023 e os modelos de formularios oficiais que se xuntan como Anexos ao presente acordo.



## Concello de Vigo

**TERCEIRO:** Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(221).- NOMEAMENTO DE CATRO PEÓNS COMO FUNCIONARIOS INTERINOS, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR PRAZO DE 9 MESES PARA VIGOZOO. EXPTE. 41956/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 29/03/2023, dáse conta do informe-proposta do 27/03/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- Mediante escrito que obra unido ao expediente, asinado pola xefatura do Servizo de Medio Ambiente e coa conformidade da concelleira delegada competente, solicítase á Área de Recursos Humanos e Formación a incorporación de 4 operarios peóns baixo a modalidade de acumulacións de tarefas prevista no artigo 10.1 d) do TREBEP para cubrir as necesidades puntuais e excepcionais existentes no seu servizo; Consta xustificación e declaración responsable de conformidade cos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO 01/09/2022).

III.- Obra no expediente informe de verificación administrativa sobre o número de persoas que, a data de petición de informe, estiveran nomeados baixo a modalidade prevista no

artigo 10.1 d) do TREBEP, indicando datas prevista de cese dos mesmos no Concello de Vigo.

**IV.-** En data 15/03/2023, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordenar que: *“pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo para a incorporación unicamente de 4 operarios peóns para dar cumprimento á limitación prevista no artigo 23 da lei de emprego público de Galicia, segundo a que o persoal interino por acumulación de tarefas non pode superar o 3% do persoal funcionario (1042 funcionarios no concello Vigo).”*

**V.-** Consta informe de verificación administrativa de data 22/03/2023, que inclúe as persoas en condicións de ser nomeadas. Así mesmo consta no expediente dilixencia para os efectos recollidos nos *“ Criterios de xestión das listas de reserva”* en relación coas renuncias tácitas dos aspirantes.

**VI.-** Consta anexado ao expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 23/03/2023 que inclúe a proposta de gasto para o nomeamento interino na modalidade prevista no artigo 10.1 d) do TREBEP) por un período de nove meses, de catro operarias/os peóns.

En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### **I.- Normativa de aplicación:**

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se



## Concello de Vigo

hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

### II.- Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa "**el exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses**" (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que "los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos

procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **sen dereito a compensación algunha**. Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, tómase conforme ao posto de traballo de peón traballos exteriores (código retributivo 158) por un período máximo de 9 meses.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**





## Concello de Vigo

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2023, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, 4 persoas están en condicións de ser nomeadas operarios peóns por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.

### V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 42 do expediente) consta que:

- *" Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia para o nomeamento interino de 4 operarios peóns na modalidade de acumulación de tarefas (art. 10.1 d) do TREBEP), existen listas de reserva vixentes con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.*
- *Consta no expediente administrativo a renuncia manifestada por escrito de O. Carnero Campos con DNI núm.\*\*\*5784\* e dilixencia asinada electronicamente pola funcionaria que subscribe para os efectos da renuncia tácita da/o candidata/o R. Seoane Liberata con DNI núm. \*\*\*7402\*\*.*
- *De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como operarias/os peóns, aos candidatas/os que se relacionan a continuación que presentaron a documentación requirida para o efecto:*

<b>Categoría: Operaria/o peón</b>		
<b>NÚM. ORDE</b>	<b>DNI**</b>	<b>NOME E APELIDOS</b>
<b>1</b>	***3379**	<i>J. Sánchez Figueroa</i>
<b>2</b>	***5088**	<i>C. García Veloso</i>

<b>3</b>	***9910**	<i>J. Veloso Costas</i>
<b>4</b>	***5491**	<i>M. J. Sousa Vázquez</i>

*De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente administrativo de referencia.”*

As/os aspirantes interesadas/os e dispoñibles aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

#### **VI. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 23/03/2023, o custe do efectivo proposto por un período de 9 meses é o seguinte:

*“O custo para 4 postos cod. 158 Peón, de iniciarse a súa relación o 01/04/2023, sería o seguinte:*

2023		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
9 meses	<i>PEON TRABALLOS EXTERIORES</i>	4	73.414,10	24.410,19

*O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2023 no que respecta a retribucións por importe de 73.414,10 €, e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2023 por importe de 24.410,19 €.”*

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

#### **VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales*



## Concello de Vigo

*públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

2. *El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

### VIII.- COMPETENCIA

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 4 funcionarios/as interinos/as nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: 4 Operarios peóns.
- Modalidade legal: funcionario interino por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).
- Destinos: Vigo Zoo
- Período temporal: 9 meses, expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).
- Custe económico: O custo para 4 postos cod. 158 Peón, de iniciarse a súa relación o 01/04/2023, sería o seguinte:

2023		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
9 meses	PEÓN TRABALLOS EXTERIORES	4	73.414,10	24.410,19

O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2023 no que respecta a retribucións por importe de 73.414,10 €, e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2023 por importe de 24.410,19 €.”

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas, nos termos e condicións do establecido no artigo 10.1 d) do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, como operarios- peóns aos seguintes candidatas/os:

<b>OPERARIOS PEÓNS</b>		
<b>NÚM. ORDE</b>	<b>DNI**</b>	<b>NOME E APELIDOS</b>
<b>1</b>	<b>***3379**</b>	<i>J. Sánchez Figueroa</i>
<b>2</b>	<b>***5088**</b>	<i>C. García Veloso</i>
<b>3</b>	<b>***9910**</b>	<i>J. Veloso Costas</i>
<b>4</b>	<b>***5491**</b>	<i>M. J. Sousa Vázquez</i>

de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral dos efectivos nomeados desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, Xefatura do Servizo de Medio Ambiente, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación así como o persoal incluído no grupo 2, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto



## Concello de Vigo

administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(222).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA OS PREGOS QUE REXEN O PROCEDIMENTO ABERTO MIXTO DOS ELEMENTOS NECESARIOS QUE PERMITAN A XERACIÓN DE ACTAS AUDIOVISUAIS E A SÚA INCORPORACIÓN AO LIBRO DE ACTAS DE PLENO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19054/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/03/2023, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 814/2015, do 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP)

- Código Civil aprobado por Real Decreto do 24 de xullo de 1889 (CC)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto mixto dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto mixto dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo (PPT)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 9 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto mixto, dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 9 de marzo de 2023 no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, que rematou o día 24 de marzo de 2023 ás 23.59 horas.

**Terceiro.-** Durante o prazo conferido ao efecto, presentaron oferta os seguintes licitadores:

- SPICA, S.L.

**Cuarto.-** En data 24 de marzo de 2023, D. José Manuel Hinojosa Peña en nome e representación de AMBISER INNOVACIONES, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen esta licitación.

**Quinto.-** En data 29 de marzo de 2023, o servizo xestor, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**



**Concello de Vigo**

**-I-**

### **Obxecto deste recurso especial en materia de contratación**

É obxecto desta impugnación os pregos que rexen o procedemento aberto mixto dos elementos necesarios que permitan a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno do Concello de Vigo.

**-II-**

### **Lexislación aplicable**

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, este contrato réxese polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 814/2015, do 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

**-III-**

### **Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso**

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ao nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

#### -IV-

#### **Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso prevense nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP; se ben a tarefa de analizar a súa concorrencia neste recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, para os efectos de formular alegacións sobre o fondo neste informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a non admisión deste.





## Concello de Vigo

**A)** En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou non admisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

**B)** En relación cos **requisitos subjectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*.

No caso que nos ocupa, se ben o recorrente non é licitador, a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación determina que deberá recoñecerse lexitimación aos recorrentes a pesar de non terse presentado á licitación, sempre e cando baseen a súa impugnación no feito de verse impedido a participar na licitación polas esixencias recollidas nos pregos (por todas citaremos a resolución n.º 244/2021, do 5 de marzo de 2021, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales).

**C) Como requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ao que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberán comunicarse ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado.



## Concello de Vigo

**D)** Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL o 29 de marzo de 2023. Dado que o anuncio se publicou no perfil de contratante o día 9 de marzo de 2023, presentouse dentro do prazo conferido ao efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

### **Motivos de impugnación da resolución recorrida**

O recorrente, no seu escrito de recurso formula os seguintes motivos de impugnación:

1. O PPT exige que "*A infraestrutura de servizo deberá estar situada en territorio español e dispor dunha garantía de dispoñibilidade certificada maior do 99,98% (Tier III).*" circunstancia que limita, na súa opinión a concorrência (fundamento de dereito cuarto).
2. O PCAP exige como requisito de Solvencia Técnica-Profesional "*la acreditación de los certificados "Tier III do Uptime Institute: Tier III - Certification of Operational Sustainability. Tier III - Certification of Constructed Facility. Tier III - Certification of Design Documents."* Este requisito unido al anterior restrinxe máis aínda a competencia.

Analizaremos a continuación cada un destes motivos de impugnación:

**1.- O requisito de que a infraestrutura de servizo estea situada en territorio español e dispor dunha garantía de dispoñibilidade certificada maior do 99,98% (Tier III) é limitativo da concorrência**

Considera o licitador que esta esixencia discrimina “a los diferentes provedores de servicios de Cloud computing que están englobados dentro de la normativa de la Unión Europea y que tienen capacidad técnica para dar el servicio requerido”.

Ao respecto da primeira alegación informa o servizo xestor:

*“Con respecto ó punto 1 en virtude da lexislación europea, Artigos 26, 49 e 55 do TFUE (en materia de liberdade de establecemento e a libre prestación de servizos e atendendo a directiva (EU) 2016/679 do parlamento Europeo e o Consello) relativa á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos considerase que compre atender a reclamación ampliado o ámbito xeográfico da localización onde poidan residir os datos a nivel europeo ou aqueles terceiros recoñecidos pola Comisión para tales efectos no ámbito da protección de datos de carácter persoal”.*

En base ao anterior procede propoñer ao Tribunal a admisión desta primeira alegación formulada polo recorrente.

## **2.- O requisito de Solvencia Técnica-Profesional “la acreditación de los certificados “Tier III do Uptime Institute: Tier III - Certification of Operational Sustainability. Tier III - Certification of Constructed Facility. Tier III - Certification of Design Documents.” unido ao situación da infraestrutura (motivo 1) restrinxe máis aínda a competencia**

Manifesta o licitador que “Este requisito unido al que anteriormente cita el pliego de prescripciones técnicas (PPT), hace que solamente dos entidades a nivel nacional puedan proveer de dichos servicios de cloud computing, en concreto serían las empresas BBVA, y Nabitax. Dado que BBVA no presta servicios de esas características salvo para su propia actividad bancaria se traduce en que solamente hay UN único proveedor a nivel nacional capaz de dar esta infraestructura. (Esta información se puede consultar en la lista del Uptime Institute-<https://uptimeinstitute.com/>)”.

Esta circunstancia, na súa opinión, limita a concorrência e resulta contraria aos principios que rexen a contratación pública, e cita en apoio da súa tese varias resolucións de órganos de resolución de recursos especiais en materia de contratación:

É preciso aclarar, antes de expoñer o informe do servizo xestor sobre esta alegación que, o certo é que se presentou un licitador que non é o que, na súa opinión, era o único con capacidade para facelo.

Informa ao respecto o servizo xestor que:

*“Con respecto ó punto 2 considerase que o interesado realiza unha interpretación non acorde co obxecto do contrato. O obxecto de este contrato non son a prestación de servizos de Housing ou de Hosting, por parte dos licitadores, se non que a prestación que realice o contratista inclúan garantías de que o desenvolvemento do contrato conforme as condicións as definidas no punto 3.2, 4.1, 4.2 do PPT (prestadas en modalidade software como servizo ) teñan unhas características de dispoñibilidade que garanta que o Concello poida por a disposición da cidadanía as actas dos plenos o máximo de tempo posible. Serán polo tanto os propietarios do software quen treñan que posuir as acreditación de comercializan licencias de software e servizos que cumpran as especificacións técnicas do PPT en ostentes ás codificacións C.P.V ( 30210000-4 Máquinas procesadoras de datos, 72253000-3*



## Concello de Vigo

*Servizos de unidade de asistencia e de apoio,79132100 Servizos de certificación relacionados coa sinatura electrónica) do apartado 2.B. das FEC os responsables de garantir a continuidade do servizo. Esta acreditación son diferentes das requiridas no caso dos servizos de hosting ( 72415000-2 Servizos de hospedaxe de operación de sitios web www) que son os servizos ós que se refire o interesado que poden prestar as empresas por el referenciadas.*

*Polo exposto non se pode interpretar que o número de licitadores estea restrinxido a unha empresa que presta un servizo de hosting se non, en todo caso, a todas aquelas empresas, que a tenor do catalogo de clientes das empresas citadas no recurso son centos, que fan uso de estes CPD para a distribución dos seus servizos.*

*De todos os xeitos visto que se ten atendido a primeira parte da reclamación e ábrese o territorio base, onde poden residir os servizos obxecto do contrato, o ámbito Europeo e de terceiros recoñecidos, e dado que a segunda reclamación estipula como un dos condicionantes da súa lexitimidade dito ámbito xeográfico que xa non procede a discusión de este punto”*

En base ao anterior procede, en opinión da que subscribe, propoñer ao Tribunal a desestimación desta segunda alegación do escrito de recurso.

### **-VI-**

#### **Conclusiones**

Á vista do exposto ao longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a estimación parcial deste recurso, admitindo a primeira alegación do recurso, por terse allanado a administración recorrida, e a desestimación da segunda, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

### **-VII-**

#### **Medidas cautelares**

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis só no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuada a suspensión para o interese público, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación se se estimase o recurso, por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicitase ao órgano de contratación e ao Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

### **-VIII-**

#### **Acordo**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

***“1º.- Aprobar este informe.***

***2º.- Dar traslado do informe ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.***

***3º.- Acordar a suspensión cautelar deste procedemento ata que o TACGAL dite resolución neste recurso”.***

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **19(223).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A “XXIV GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2023” ORGANIZADA POLO FARO DE VIGO. EXPTE. 19493/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 27/03/2023 e o informe de fiscalización do 31/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/03/2023, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía, o xefe do servizo de Deportes e a concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes**

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio que consta no expediente, asinado con data 24 de febreiro de 2023 pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal,



## Concello de Vigo

dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para a “XXIV Gran gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca 2023” organizada polo Faro de Vigo.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.l. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para proporcionar e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción do deporte.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal asinada con data 21 de febreiro de 2023.
- Memoria económica do contrato asinada pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal municipal con data 24 de febreiro de 2023.
- Prego de Prescricións técnicas particulares de data 3 de marzo de 2023 asinado polo Xefe do Servizo de Deportes - Director deportivo e pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía.
- Declaracións dos redactores do prego técnico de data 1 de marzo de 2023 asinados polo Xefe do Servizo de Deportes - Director deportivo e pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía.
- Memoria xustificativa do contrato asinado con data 26 de marzo de 2023 pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía, e con data 27 de marzo de 2023 polo Xefe do Servizo de Deportes - Director deportivo e pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal.
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación con data de 27 de marzo de de 2023.
- Informe sobre a rendibilidade do patrocinio da Gala do Deporte que Faro de Vigo propón ao Concello de Vigo elaborado pola empresa ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L asinado electronicamente con data 23 de febreiro de 2023.

Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023.

## **II.- Condicións definitorias do contrato**

### **II.1.- Obxecto e natureza do contrato**

O obxecto do presente expediente contéplase no desenvolvemento das accións vinculadas a proposta de patrocinio publicitario da entidade Faro de Vigo S.A.U., editora do xornal “Faro de Vigo”, ao Concello de Vigo con motivo da próxima celebración da XXIV edición da “GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2023”, organizada polo Faro de Vigo e que de forma concreta se definen na cláusula 3ª do PPTP.

O expediente cualifícase de contrato de patrocinio publicitario de acordo co artigo 22 da vixente Lei Xeral de Publicidade, e se considera como un contrato privado, xa que o mesmo non ten cabida en ningún dos contratos recollidos no artigo 12 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promover o deporte e promocionar e difundir a acción municipal en prol do seu fomento e dos seus valores sociais.

### **II.2.- Xustificación da necesidade da publicidade.**

O “Concello de Vigo”, como patrocinador do proxecto, difundirá a súa participación directa na promoción da deporte o que lle permitirá, como máximo expoñente do fomento de deporte en Vigo, alcanzar e desfrutar dun alto grado de notoriedade das actividades, difundir a imaxe do Concello de Vigo vencellada a un proxecto de apoio ao deporte, así como, resaltar a propia acción deportiva que se desenvolve na cidade, como un dos seus valores de identidade.

Así, o gasto da proposta de patrocinio atópase vinculado ó desenvolvemento dunha acción de aspecto social, universal e transversal





## Concello de Vigo

como é o deporte, no marco da estratexia de “facere cidade” entendida como a necesidade de traballar conxuntamente, coa participación de toda a cidadanía, para conseguir un modelo de cidade compartido por todos, polo cal é necesario iniciar un expediente para a contratación desta proposta de patrocinio publicitario.

### II.3.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

En virtude do artigo 168 da Lei 9/2017, que ampara aqueles supostos en que por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusividade o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado, xa que como queda manifestado nos antecedentes, a proposta parte de maneira directa da entidade “Faro de Vigo S.A.U.”, a cal ven desenvolvendo esta actuación de maneira exclusiva e por outro lado a peculiaridade do retorno publicitario queda tamén garantida a través deste xornal, o cal é o medio de comunicación líder na provincia de Pontevedra.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO S.A.U., que ten a exclusiva do evento.

A proposta parte de maneira directa da entidade “FARO DE VIGO S.A.U.”, a cal é a propietaria de todos os dereitos de propiedade industrial e intelectual da “Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca 2023” e por outro lado a peculiaridade do retorno publicitario queda tamén garantida a través dos medios propios da organizadora, que acadará uns valores de identificación extraordinarios. Esta difusión se realiza a través serie de accións de comunicación e difusión a través do xornal “FARO DE VIGO”, tanto na súa edición en papel como na web, así como na acción de comunicación da propia Gala.

Polo tanto, o Órgano de Contratación, unha vez cursada e recibida a oferta da entidade fixará coa empresa “FARO DE VIGO S.A.U.” o prezo do contrato deixando constancia do mesmo no expediente e non sendo necesaria para iso a constitución da Mesa de Contratación.

En relación á proposta de patrocinio publicitario obxecto deste expediente, destácase que a mesma ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «**retorno publicitario**», e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado (Faro de Vigo) permite que o patrocinador (Concello de Vigo) faga pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado (Gran Gala do Deportes de Vigo e a súa Comarca 2023) e tamén, como aí se estipula, en que o patrocinado realice comportamentos activos con esa mesma finalidade. O patrocinador a cambio goza da notoriedade e da resonancia da actividade que desenvolve o patrocinado, co fin de incrementar entre o público o coñecemento do seu nome ou marca e de favorecer a súa imaxe.

Achégase no expediente no trámite nº 9 informe xustificativo da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. sobre se o retorno publicitario que figura no proxecto XXIV GALA DO DEPORTE elaborado e valorado polo Faro de Vigo e que ascende a un importe de 370.441,50 €.- euros, en concepto de patrocinio publicitario solicitado ao Concello de Vigo, está debidamente xustificado, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación.

Faise constar que o patrocinado FARO DE VIGO S.A.U. A36600815 non é unha empresa dedicada aos servizos publicitarios, se non un medio de comunicación que ten como obxecto social a elaboración e distribución de contidos informativos a través de calquera tipo de soporte. En particular a edición e publicación por conta propia e allea de impresos unitarios, periódicos, revistas e publicacións dixitais e portais de información, así como a impresión e distribución. (CNAE 5813 edición de periódicos).

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

#### II.4.- Prezo e valor do contrato

A proposta fundaméntase, entre outros aspectos, na identificación dos valores de identidade da propia Cidade a través dun aspecto de interese social e de carácter universal e transversal como é o deporte, xa que este proxecto ven a destacar o gran valor de Vigo como cidade acollidora de grandes eventos deportivos.

A proposta para o desenvolvemento do contrato de patrocinio publicitario co Concello de Vigo, para o proxecto do “GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2023”, establécese en 75.000,00 euros (ive incluído). O citado importe como orzamento base de licitación considérase adecuado en relación ó obxecto do contrato e a súa estimación, correspóndese favorablemente para o Concello



## Concello de Vigo

de Vigo como Patrocinador, xa que polo orzamento definido o Concello de Vigo non tería capacidade propia para o desenvolvemento do proxecto obxecto deste expediente.

En consecuencia, o prezo certo do contrato, en cumprimento do artigo 102 LCSP, estímase axeitado en base ao retorno que obtén este Concello na difusión da súa imaxe, como expoñente deportivo de primeiro orde, que lle permitirá alcanzar e desfrutar dun alto grao de notoriedade nos días previos e posteriores á Gala nas diferentes insercións e contraprestacións directas, ademais de que a cuantificación das mesmas exceden amplamente a cantidade finalmente aboada co contrato.

O artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade, modificada pola Lei 29/2009, de 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, define o contrato de patrocinio como: *«aquele contrato en que o patrocinado, a cambio de una ayuda económica para la realización de su actividad deportiva, benéfica, cultural científica o de otra índole, se compromete a colaborar en la publicidad del patrocinador»*, polo que neste contrato a CONTRAPRESTACIÓN concrétese no retorno indirecto de carácter publicitario para o Concello de Vigo que ascende a **370.441,50€ € iva engadido**.

Achégase no expediente no trámite nº 9 o informe xustificativo da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. sobre se o retorno publicitario que figura no proxecto XXIV GALA DO DEPORTE elaborado e valorado polo Faro de Vigo e que ascende a un importe de 370.441,50€ iva, en concepto de patrocinio publicitario solicitado ao Concello de Vigo, está debidamente xustificado, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación.

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 75.000,00 euros (iva incluído), sendo o importe do iva a cantidade de 13.016,53 euros.

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento, sen que afecte ao normal funcionamento de servizo.

O presente contrato está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2023 da Alcaldía. Non existe na actualidade contrato vixente.

### II.5 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con el os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións da Gala, o proceso de negociación versará unicamente sobre o prezo do contrato.

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos custes e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U..

O único criterio de adxudicación será a redución do prezo do contrato.

#### II.6 Revisión de prezos

Tendo en conta que o obxecto do contrato é do patrocinio publicitario sobre o desenvolvemento do acto da Gran Gala do deportes de Vigo e a súa Comarca 2023, que terá lugar nunha data determinada entre as partes, e atendendo a que a negociación se baseará no prezo do contrato non procede ningunha revisión do prezo.

#### II.7.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

#### II.8.- Prazo de execución e prórroga:

Prazo de execución: O prazo de execución iniciarase o día seguinte ao da formalización do contrato e rematará 15 días despois da celebración da gala.

Prórroga: De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

#### II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

#### II.10 Responsable do Contrato



## Concello de Vigo

Os responsables do Contrato serán, a xefa da unidade administrativa de Alcaldía e o Xefe do servizo de deportes-director deportivo.

### II.11- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

O adxudicatario, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización da gala .

O patrocinado asumirá a seguridade da Gala, implementando as medidas de seguridade precisas en relación ao control de aforo e ao COVID 19, así como establecendo os correspondentes plans de seguridade e evacuación.

### II.12.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

#### De carácter medioambiental:

- Redución de envases e embalaxes.
- Recollida selectiva de residuos.

### II.13.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos.

II.14- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

### **III.-PROPOSTA**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ó disposto no artigo 168 da LCSP, para o contrato de patrocinio publicitario da “XXIV GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2023”, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, con data 7 de marzo de 2023.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 27 de marzo de 2023.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros .

· O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.

· O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 101.1 LCSP, é de 61.983,47 €.

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.



## Concello de Vigo

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(224).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI- VIGO NA CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA DE VIGO. EXPTE. 2350/150.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 30/03/2023 e o informe de fiscalización do 31/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 29/03/2023, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado da Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais e o concelleiro da área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a ) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 02.09.2019 por Resolución da Alcaldía delegouse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, a dirección e xestión da proxecto << *Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio Cultural, titularidade ecle-*

*siástica sito no termo municipal*>> inclusive as facultades de emitir actos que afecten a terceiros e a formalización do convenio marco e convenios específicos.

O Concello en data 23 de novembro de 2020 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento en sesión de data 22 de marzo de 2023 e a proposta da Diocese de Tui – Vigo seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a proposta de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para financiar a celebración da Semana Santa de Vigo, por importe de 36.640 € euros.

En data 13 de marzo de 2022 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 230064606 e doc. 230065403, a Diocese achega solicitude de subvención para o financiamento da actuación achegando ao efecto memoria da actividade, presuposto, declaración de non solicitude nin obtención de axudas, certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma e certificado de representación.

O convenio instrumenta unha subvención deberá cumprir o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento

No presuposto do Concello consta a partida 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo ...). No expediente consta así mesmo autorización á Concellería da Área de Distritos da Concalleira-Delegada de Xestión Municipal, Contratación e Patrimonio de data 26.03.2023 da imputación do gasto por importe de **36.640 euros** (trinta e seis mil seiscientos corenta euros) á referida aplicación orzamentaria dos orzamentos de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con





## Concello de Vigo

carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estes efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que se concretan no apoio ás actividades vinculadas coa celebración do Semana Santa, que contribúen á promoción cultural da nosa cidade, debido á gran afluencia de persoas que acoden ás celebracións, e na importancia destas na organización da procesións de Semana santa.

A concesión da subvención directa instrúntase mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco.

Neste senso, conforme o sinalado no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consta memoria xustificativa da subvención. Así mesmo consta proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

Dita subvención instrúntase mediante sinatura de convenio específico para o financiamento das actividades relacionadas coa celebración da Semana Santa por importe de **36.640 €**, con cargo aos créditos orzamentarios na partida **9120.4800000** (Convenio Diócesis Tui-Vigo...) do presuposto municipal 2023.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e posterior de data 17.08.2020.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobado o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui- Vigo na celebración da Semana Santa de Vigo (Anexo I)

**SEGUNDO.-** Aprobado e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de 36.640 € euros imputándose á partida presupostaria 9120.4800000 (Convenio Diócesis de Tui-Vigo...) do estado de gastos do presuposto.

**TERCEIRO.-** Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

Vigo, data da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns

Gilberto Moldes Crespo

O concelleiro-delegado da Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas

Especiais

Ángel Rivas González

O Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda,

Jaime Aneiros Pereira .

ANEXO I

**CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO  
E A DIOCESE DE TUI-VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA SEMANA  
SANTA**

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, xxxxx de xxxxxx de xxxxxx

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Ángel Rivas González, concelleiro da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en virtude das facultades conferidas por Resolución de data 02.09.2019 respecto da dirección e xestión da proxecto << *Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio Cultural, titularidade eclesiástica sito no termo municipal de Vigo*>>



## Concello de Vigo

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diocese de Tui-Vigo, con NIF \*\*\*9825>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante “Diocese”.

E, D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal por delegación da Secretaria de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2020, aos meros efectos de asistencia ao Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

### MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui – Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a ) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia,

asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III- Que o Concello en data 23 de novembro de 2020 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

IV.- Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

V.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 22 de marzo de 2023 a proposta da Diocese de Tui – Vigo, acordou a colaboración do Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo na organización e financiamento das actuacións relacionadas ca celebración da Semana Santa.

VI.- As Procesións de Semana Santa celébranse en Vigo desde tempos inmemoriais, tanto na zona centro da cidade como nas diferentes parroquias existentes no termo municipal , contando co apoio da cidadanía así como do Excmo. Concello de Vigo.

VII.- Que no presuposto do Concello consta a partida 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...)

E, na súa virtude, ambas Institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRO.-OBXECTO**



## Concello de Vigo

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración e as obrigas entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo que do mesmo se deriva nas actuacións que conforman a celebración da Semana Santa de Vigo.

### **SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES**

O Concello de Vigo comprométese

- a) Conceder directamente unha subvención por importe de **36.640 € (IVE incluído)** con cargo a partida 912.0.480.00.00 (Convenio Diócesis Tui-Vigo... ) co obxecto de coadxudar ao financiamento das actuacións que conforman a celebración da Semana Santa de Vigo.
- b) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas nestes convenio.
- c) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.
- d) Colaborar na promoción do evento nos distintos medios de comunicación.
- e) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula terceira.
- f) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias
- g) Regular o tráfico nas rúas relacionadas co evento, carga e descarga e os accesos aos vados nas rúas peonís, información dos cortes de tráfico e saídas alternativas ao mesmo.
- h) Autorizar o uso do dominio público

A Diocese Tui Vigo comprométese a:

- a) Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.
- b) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.

- c) Obter todos os permisos e autorizacións que no seu caso sexan necesarios para a realización das actividades (solicitudes de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos...
- d) Dispoñer dun Plan de Autoprotección, se fose necesario, que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións sanitarias que deriven do mesmo e adoptar todas as medidas preventivas precisas.
- e) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil núm. 22702964/0 de UMAS Mutua de Seguros, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento;
- f) Xestionar medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.
- g) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canda comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canda documentación e información lle sexa requirida.
- h) Publicitar as actividades incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- i) Comunicar á Concellería de Distritos as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios na programación, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- j) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### **TERCEIRA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

O presuposto total da execución dos traballos ascende a 36.640 uros (IVE incluído).



## Concello de Vigo

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de 36.640,00 euros (IVE incluído ) equivalente ao custo da actividade.

Este financiamento realizarase efectivo con cargo á aplicación presupostaria partida 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estos efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

### **CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

1.- O prazo de xustificación finalizará o 1 de novembro de 2023. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a

conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.





## Concello de Vigo

- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Así mesmo, achegarase copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

### **QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN**

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria A Banca da que é titular a entidade beneficiaria.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa;

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Distritos do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Montes, Parques e xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

#### **SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN**

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítese a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

#### **SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

#### **OITAVA.- REINTEGRO**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Tal e como establece o art. 32.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o importe da subvención fíxase como unha achega por importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para o total financiamento da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



## **Concello de Vigo**

### **NOVENA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro das cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscripción da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

A resolución de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Será motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar aparte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
- 3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).



**Concello de Vigo**

## **DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE**

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(225).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez